

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 13 de outubro de 2023
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas e vinte minutos do día trece de outubro do ano dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Marta Fernández-Tapias Núñez, Rafael Domínguez Artime, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, José Carlos López Campos, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Non asiste o deputado Roberto José Álvarez Carrero, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes a deputada *María Sandra Bastos Míguez* e os deputados *Marcos Guisasaola Padín* e *Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.33036.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 6 de outubro de 2023.

2.33037.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN, POR CAMBIO DE FINALIDADE, AO CONCELLO DE REDONDELA NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2023), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO PON2030 DO INVESTIMENTO “REURBANIZACIÓN DA RÚA AS CARDOSAS, A RÚA SALGUEIRAL E A SÚA CONTINUACIÓN POLA RÚA ERNESTINA OTERO EN VILAVELLA, REDONDELA”. (Expte. 2023060027)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.



Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.0425.762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detración por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detración de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmobles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.



A súa vez, a base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 Liña 1 – Investimentos, lexítima ós concellos a solicitar o cambio ou modificación dos acordos ou resolucións de concesión pola desistencia total ou parcial da actuación, sempre e cando non se prexudiquen dereitos de terceiros e se solicite antes de conclúa o prazo para a realización das actividades obxecto de subvención.

No marco do Plan Concellos 2022-2023 liña 1- investimentos (anualidade 2023), mediante acordo da Xunta de Goberno 15.32273 do día 17/02/2023, concedéuselle ao concello de REDONDELA unha subvención, por importe de 202.840,24 euros, co obxecto do financiamento do investimento “Pavimentación e mellora estrada de Outeiro de Reboreda, Reboreda, Redondela” (exp:2023005507), cun orzamento de 202.840,24 €.

En data 08/09/2023 o concello de Redondela presenta a desistencia total da concesión de subvención para a actuación salientada no parágrafo anterior, sendo autorizada esta desistencia por Resolución Presidencial Núm. 2023007338 de data 28/09/2023 deixando en dispoñible o crédito previamente comprometido, por un importe de 202.840,24 €, na aplicación orzamentaria 2023/942.9425.762.45 dentro do correspondente proxecto de gasto para o financiamento do novo investimento proposto pola entidade municipal.

Neste contexto, en data 19/09/2023, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do concello de Redondela na que solicita, por cambio de finalidade, unha subvención por importe de 202.840,24 euros, con destino ao financiamento da ACHEGA MUNICIPAL PON2030 do investimento “REURBANIZACIÓN DA RÚA AS CARDOSAS, A RÚA SALGUEIRAL E A SÚA CONTINUACIÓN POLA RÚA ERNESTINA OTERO EN VILAVELLA, REDONDELA”, cun orzamento por importe de 982.719,40 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

| ANUALIDADE | ORZAMENTO € | SUBVENCIÓN € | PON2030 € | FONDOS PROPIOS € |
|------------|-------------|--------------|------------|------------------|
| 2022 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| 2023 | 982.719,40 | 202.840,24 | 737.039,55 | 42.839,61 |
| TOTAL | 982.719,40 | 202.840,24 | 737.039,55 | 42.839,61 |



Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar e informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que é preciso contar con autorización sectorial do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, da Agencia Estatal de Seguridad Aérea (AESA), do Servicio Provincial de Costas Pontevedra e de Augas de Galicia e informe de AQUALIA. Consta no expediente as correspondente solicitudes.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, agás no relativo á aprobación do documento técnico e acta de trazado previo por estar pendente, no momento de presentación da solicitude de subvención das autorizacións sectoriais. Contando co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do Servizo de Cooperación de data 20/09/2023; precisando que a execución e a xustificación deste investimento suxeitarase as normas do plan que se co-financia.

Fundamentación xurídica:

Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.



- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión do ciclo da auga:

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación a lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *legem ferendae*, permite acudir a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que así o fagan, ademais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 20/09/2023, e da xefa do servizo de Cooperación, de data



28/09/2023, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 06/10/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Redondela* CIF P3604500C, por cambio de finalidade a cantidade de 202.840,24€, con destino ao financiamento da achega municipal PON2030 do investimento “*Reurbanización da Rúa As Cardosas, a Rúa Salgueiral e a súa continuación pola rúa Ernestina Otero en Vilavella, Redondela*” (Expte.2023060027) cun orzamento polo importe de 982.719,40 €, distribuída segundo a seguinte táboa:

| Anualidade | Orzamento € | Subvención € | Pon2030 € | Fondos Propios € |
|------------|-------------|--------------|------------|------------------|
| 2022 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| 2023 | 982.719,40 | 202.840,24 | 737.039,55 | 42.839,61 |
| TOTAL | 982.719,40 | 202.840,24 | 737.039,55 | 42.839,61 |

- A concesión da presente subvención queda condicionada á obtención da autorización sectorial do *Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, da Agencia Estatal de Seguridad Aérea (AESA), do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra e de Augas de Galicia* e informe de AQUALIA, así como, á súa presentación xunto co acordo de aprobación do proxecto e acta de trazado previo, sendo imprescindible que os remita á Deputación antes da licitación do investimento ou, no seu caso, xunto coa primeira xustificación da axuda económica concedida.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto . Unha vez concedida a subvención, xerárase crédito na aplicación orzamentaria correspondente do Programa PON2030.
- A execución e xustificación deste investimento rexeráse polas normas do plan que se co-financia
- Darlle traslado do presente acordo ao *concello de Redondela*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

3.33038.- APROBACIÓN BASES REGULADORAS CAMPAMENTOS A LANZADA 2024 TRÁMITE ANTICIPADO DE GASTO (Expte.2023045060)

1º.- De conformidade có establecido no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local son competencias propias da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo cás competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. Así mesmo o artigo 109 d) da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia, establece que serán competencias propias das Deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e en calquera caso, entre outras o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.



2º.- A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece, no seu artigo 3, os obxectivos do Sistema galego de servizos sociais, incluíndo entre estes o de proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes e possibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral, así como garantir o apoio ás familias como marco de referencia en que se desenvolven as persoas.

Así mesmo, no artigo 63 relativo ás competencias das Deputacións provinciais, establécese que de conformidade co previsto na normativa de réxime local, estas proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica ós concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais.

3º.- Por outra banda, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, reconece no seu artigo 6 como uns dos principios de responsabilidade pública o de atender, apoiar e protexer ás familias como núcleo fundamental da sociedade no cumprimento das súas funcións. Así mesmo, a Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, no seu artigo 50 establece que as administracións públicas de Galicia poñerán ao dispor das familias solucións efectivas ás súas necesidades de conciliación.

4º.- Finalmente a disposición adicional primeira da Lei 5/2014 de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, permite que as competencias atribuídas ás entidades locais con anterioridade á entrada en vigor desta Lei, continúen sendo exercidas por estas, e neste sentido, o programa ten un grande arraigo na provincia de Pontevedra, desde os seus inicios nos anos oitenta, de xeito que o que comezou sendo un programa vacacional para os nenos e nenas da Cidade Infantil Príncipe Felipe ampliouse a tódolos rapaces e rapazas da provincia de Pontevedra, ofertando prazas de balde para aqueles que se atopen en risco de exclusión social e permitindo tamén a participación de todos os nenos e nenas de xeito inclusivo, superando cada ano as 4.000 solicitudes.

5º.- En base ao anterior, ponse en marcha unha nova edición do programa “Campamentos A Lanzada” 2024, dirixido a rapazas e rapaces dos concellos da provincia de Pontevedra, que se desenvolverá no Centro de Vacación da Lanzada.

Este programa permite que, ata un máximo de 1.540 menores, empreguen o seu tempo libre no verán en participar en actividades de carácter lúdico, cultural, deportivo, científico e formativo que contribúan ao seu enriquecemento persoal e axuden a que coñezan outros lugares fóra da súa contorna habitual, e ao mesmo tempo posibilita a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral.

O proxecto lúdico educativo comprenderá un programa de actividades socioculturais, recreativas, formativas, medioambientais, científicas e de convivencia que posibilita a participación de todas as rapazas e rapaces. Todas as actividades prestaraas un equipo técnico especializado en animación sociocultural, actividades de tempo libre, actividades náuticas, científicas e lingua inglesa.

Do mesmo xeito, para o caso de menores con necesidades especiais por razón da súa discapacidade dispórase do persoal de apoio necesario adaptado ás súas singularidades.



A Deputación, adoptará todas as medidas pertinentes para asegurar que todos e todas participen en igualdade de condicións, nas actividades recreativas, de lecer e de tempo libre, segundo o artigo 49 de Constitución, artigo 30 da Convención Internacional da ONU sobre os dereitos das persoas con discapacidade, e artigo 7 do Real decreto legislativo 1/2013, de 29 de novembro, que aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

6º. Con data 5 de outubro de 2023, Intervención emite informe favorable (CSV: IQK49SI9AY1N1SYH) sobre a tramitación do expediente para a aprobación das bases, deixando constancia de que as aplicacións orzamentarias propostas nas bases 24/231.3370.221.05 e 24/231.3370.227.20, considéranse correctas, non obstante, a aprobación das mesmas debe quedar condicionada á aprobación definitiva do orzamento para 2024 por tratarse dunha tramitación anticipada.

O órgano competente para aprobación das bases reguladoras do programa “CAMPAMENTOS A LANZADA” 2024, é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado nas bases de execución do vixente orzamento.

De cordo co exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar as bases reguladoras do Programa “CAMPAMENTOS A LANZADA” para o ano 2024

Ditas Bases figuran asinadas dixitalmente có (CSV): Q4MYJPYO620G5WOL

Pódese verificar a integridade deste documento no enderezo: <https://sede.depo.gal>

4.33039.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE INSTALACIÓN ELÉCTRICA DE BAIXA TENSIÓN E OBRA CIVIL ASOCIADA PARA DOTAR A DIFERENTES CENTROS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DE PUNTOS DE RECARGA DE VEHÍCULOS ELÉCTRICOS NO MARCO DO PLAN NACIONAL DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA E DO PLAN NACIONAL INTEGRADO DE ENERXÍA E CLIMA 2021-2023 (PROGRAMA MOVES III) FINANCIADO POLA UE DENTRO DOS FONDOS NEXT-GENERATIONEU. (Expte.2023044745)

A Xefa do Servizo de Cooperacións cos Municipios e a Deputada Delegada de Transición Ecolóxica e Medio Ambiente, Arquitectura e Proxectos Europeos ditaron providencia de inicio pola que se solicita ao Servizo de contratación a iniciación do expediente para a contratación das obras de instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar a diferentes centros da Deputación de Pontevedra de puntos de recarga de vehículos eléctricos no marco do Plan Nacional de Recuperación, transformación e resiliencia e do Plan Nacional integrado de enerxía e clima 2021-2023 (Programa Moves III) financiado pola UE dentro dos Fondos Next-Generation EU). (CSV) GR6HBUJPTXJLYS8.



De conformidade co previsto na providencia de inicio do expediente e tendo en conta as prestacións que constitúen o obxecto do contrato este cualifícase como contrato mixto que comprende prestacións de obra e de subministración. Para a determinación das normas que rexerán a adxudicación do mesmo atenderase ao carácter da prestación principal sendo esta a de subministración.

De conformidade co previsto no artigo 18.3 da LCSP “*nos casos nos que un elemento do contrato mixto sexa unha obra e esta supere os 50.000,00 euros deberá elaborarse un proxecto e tramitarse de conformidade cos artigos 231 e seguintes da LCSP*”.

A vista do exposto, polo técnico Fernando Pérez Albalate Ingeniero Industrial Colexiado nº 5501 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Andalucía Occidental da empresa E-ADJUDICA, SL (B-72.375.025), adxudicataria do contrato de asistencia técnica para a redacción da documentación técnica para a presentación de solicitudes para a implantación de infraestrutura de recarga de vehículos eléctricos nas instalacións da Deputación de Pontevedra (Programa MOVES III: liña de incentivos 2, redactouse o proxecto con código (CSV): H5PINXZZ0D92S5AH.

Visto o informe de supervisión do proxecto emitido polo Técnico Enxeñeiro de proxectos do Servizo de Cooperación, Alejandro Marín Gómez Nieves.

Visto o informe emitido pola intervención con data 10/10/2023 polo que se informa favorablemente o expediente e así mesmo se informa que nas aplicacións orzamentarias correspondentes, dentro do proxecto de gasto código nº 92310004, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte ao gasto, a cuxo efecto se emitiron os correspondentes documentos RC segundo o seguinte detalle:

| Nº Actuación | Centro | Aplicación orzamentaria | Nº RC | Importe RC |
|--------------|------------------------|-------------------------|--------------|--------------|
| 1 | Centro Príncipe Felipe | 23/232.4250.623.02 | 202300204979 | 57.596,00 € |
| 2 | EFAreeiro | 23/413.4250.623.02 | 202300205102 | 35.253,31 € |
| 3 | Viveiro Empresas Barro | 23/942.4250.623.02 | 202300205106 | 30.172,55 € |
| 4 | Parque Maquinaria | 23/456.4250.623.02 | 202300205109 | 128.702,33 € |
| 5 | Finca Mouriscade | 23/410.4250.623.02 | 202300205130 | 23.025,45 € |
| 6 | Viveiro Empresas Lalín | 23/942.4250.623.02 | 202300205133 | 12.815,11 € |
| Total | | | | 287.564,75 € |



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións que superen o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar o proxecto de execución das obras de instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar a diferentes centros da Deputación de Pontevedra de puntos de recarga de vehículos eléctricos no marco do Plan Nacional de Recuperación, transformación e resiliencia e do Plan Nacional integrado de enerxía e clima 2021-2023 (Programa Moves III) financiado pola UE dentro dos Fondos Next-Generation EU), con (CSV) H5PINXZZ0D92S5AH. O proxecto consta de 6 actuacións que son as seguintes:

| Nº | Actuación | Orzamento base licitación (IVE excluído) | Importe IVE (21%) | Total |
|--------------|--|--|-------------------|--------------|
| 1 | "Instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar ao Centro Príncipe Felipe de Pontevedra de tres puntos de recarga dobre de 44 KW cada un (Total 132 KW)" | 47.600,00 € | 9.996,00 € | 57.596,00 € |
| 2 | "Instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar á Estación Fitopatolóxica Areeiro de dous puntos de recarga dobre de 44 KW cada un (Total 88 KW)" | 29.134,97 € | 6.118,34 € | 35.253,31 € |
| 3 | "Instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar ao Viveiro de Empresas de Barro de dous puntos de recarga dobre de 44 KW cada un (Total 88 KW)" | 24.935,99 € | 5.236,56 € | 30.172,55 € |
| 4 | "Instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar ao Parque de Maquinaria da Excm. Deputación de Pontevedra de tres puntos de recarga dobre de 44 KW cada un e de dous puntos simples de recarga de 50 KW cada un (Total 232 KW)" | 106.365,56 € | 22.336,77 € | 128.702,33 € |
| 5 | "Instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar á Finca Mouriscade de dous puntos de recarga dobre de 44 KW cada un (Total 88 KW)" | 19.029,30 € | 3.996,15 € | 23.025,45 € |
| 6 | "Instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar ao Viveiro de Empresas de Lalín dun punto de recarga dobre de 44 KW (Total 44 KW)" | 10.591,00 € | 2.224,11 € | 12.815,11 € |
| <i>Total</i> | | 237.656,82 € | 49.907,93 € | 287.564,75 € |



O proxecto foi redactado polo técnico Fernando Pérez Albalate Ingeniero Industrial Colexiado nº 5501 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Andalucía Occidental da empresa E-ADJUDICA, SL (B-72.375.025)

5.33040.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS “SUBSTITUCIÓN DE ESCALEIRAS DE EMERXENCIA DO CENTRO INFANTO-XUVENIL ESCOLA FOGAR NO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE”.(Expte.2023006144)

Resultando.- Que o Edificio Infanto-Xuvenil Escola Fogar é un inmobile deseñado para aloxar e formar a aqueles menores en situación de risco ou exclusión social, co obxectivo de mellorar o benestar social e favorecer a súa integración.

Resultando.- Que a edificación, construída na década dos 70, presenta problemas na capacidade portante da estrutura así como no seu estado de conservación, detectándose corrosión xeneralizada.

Resultando.- Que para solventar os problemas detectados é necesario levar a cabo varias actuacións que, no seu conxunto, permitan dotar a edificación de escaleiras de emerxencias en bo estado, velando en todo momento pola seguridade do CPF.

Resultando.- Que na súa consecuencia a Xunta de Goberno,, na súa sesión ordinaria celebrada o día 07/710/2022, acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “Substitución das escaleiras de emerxencia do Centro Infanto Xuvenil Escola Fogar de Príncipe Felipe”.

Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 4 de novembro de 2022, informa que, unha vez rematado o prazo de presentación de ofertas, non se presentou ningunha proposición de empresas interesadas na adxudicación do procedemento aberto simplificado, polo que, a Xunta de Goberno na sesión do día 18 de novembro de 2022, acordou declarar deserto o procedemento aberto simplificado abreviado, convocado para a contratación da obra “Substitución das escaleiras de emerxencia do Centro Infanto Xuvenil Escola Fogar de Príncipe Felipe”.

Resultando.- Que tendo en conta que a necesidade de levar a cabo a obra persiste no Centro Príncipe Felipe debido ó mal estado das escaleiras actuais, revísase novamente o proxecto, do cal non se modifican os traballos a executar pero se procede a un incremento económico en determinadas partidas.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.



Resultando.- Que na súa consecuencia, recibíuse novamente no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Substitución das escaleiras de emerxencia de Escola Fogar en CPF”

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redáctase polo arquitecto José Manuel Fernández Barreira a redacción do proxecto básico e execución das obras de “Substitución das escaleiras de emerxencia do Centro Infanto Xuvenil Escola Fogar de Príncipe Felipe“, cun orzamento base de licitación de 374.426,73€. A este proxecto asígnouse o CSV 1B2QVGN3DJ2V2ZO0.

Resultando.- Que consta no expediente informe de supervisión do proxecto con CSV: FMFDTKF38NPN501E, emitido pola arquitecta do Servizo de Arquitectura dona Sara Piñón Esteban.

Resultando.- Que consta no expediente licenza urbanística para a execución das obras de substitución de celosías e carpinterías de aluminio no núcleo de escaleiras no Centro Infanto-Xuvenil Escola Fogar de Príncipe Felipe concedida pola Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, na súa sesión que tivo lugar o día 26/06/2023.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder executar esta obra.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse informe correspondente, nas aplicacións orzamentarias 23/232.2312.632.03.2020, 23/232.2312.632.03.2021, 23/232.2312.632.03.2022 e 23/232.2312.632.03 existe crédito retido para facer fronte a este gasto mediante documentos RC nº 202300184048, 202300184049, 202300184050 e 202300184086, por importe de 172.520,56 €, 98.483,08 €, 53.859,44 € e 49.563,65 € respectivamente.

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: “...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación...”

Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da obra “Substitución das escaleiras de emerxencia de Escola Fogar en CPF” redactado polo arquitecto José Manuel Fernández Barreira, cun orzamento base de licitación de 374.426,73 €. A este proxecto asignóuselle o CSV 1B2QVGN3DJ2V2ZO0.

6.33041.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DO CONTRATO PARA A IMPLANTACIÓN E DESENVOLVEMENTO EVOLUTIVO E CORRECTIVO DUNHA PLATAFORMA DE FORMACIÓN INNOVADORA DENTRO DO PROXECTO “HUB PARA A LOITA CONTRA A FENDA DIXITAL E A SOIDADE NON DESEXADA NO MEDIO RURAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA” COFINANCIADO POLO MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO A TRAVÉS DA CONVOCATORIA DE 2022 PARA A FINANCIACIÓN DE PROXECTOS PROMOVIDOS POR ENTIDADES LOCAIS PARA A INNOVACIÓN TERRITORIAL E A REACTIVACIÓN DA ACTIVIDADE SOCIOECONÓMICA E A LOITA CONTRA O DESPOBOAMENTO (Expte 2023030012).

A dixitalización de numerosos servizos e xestións da vida cotiá está provocando que a fenda dixital entre xeracións e colectivos sociais de maiores vai en aumento. Incrementouse a dixitalización dos procedementos da administración, as xestións bancarias e sanitarias substituíndose a atención persoal pola autoxestión online. Incluso as relacións e interaccións sociais estanse a trasladar aos soportes e medios dixitais. E isto é especialmente relevante en contornas rurais, con menor densidade de poboación, cada vez máis envellecida, e onde a prestación de servizos presenciais tende a desaparecer.

Partindo deste contexto, a Deputación de Pontevedra, presentou o pasado 15 de xuño de 2022, o proxecto "HUB para a loita contra a fenda dixital e a soidade non desexada no medio rural da provincia de Pontevedra" á convocatoria de axudas para o ano 2022 da Orde TED/1358/2021, do 1 de decembro, do Ministerio de Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, para o financiamento de proxectos innovadores para a transformación territorial e loita contra o despoboamento. O 4 de maio de 2022, publicouse no Boletín Oficial do Estado número 106, o extracto da convocatoria mediante a Orde do 25 de marzo de 2022.

O 13 de decembro de 2022 a Dirección Xeral de Políticas contra o Despoboamento do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico notificou a resolución de concesión da axuda solicitada pola Deputación de Pontevedra para o citado proxecto. Posteriormente resolveuse, por parte desta institución provincial, aceptar a subvención concedida, que foi ratificada pola Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o 3 de febreiro de 2023.

O desenvolvemento e o mantemento desta plataforma dixital contempla uns estándares de desenvolvemento tecnolóxico, posta en marcha e mantemento esixentes e complexos.



Aínda que a Deputación de Pontevedra dispón dun servizo de Novas Tecnoloxías, os traballos a desenvolver non poden ser desenvolvidos con medios propios, xa que esta institución carece dos medios humanos en termos cuantitativos para acometer a execución da prestación derivada deste proxecto.

Así mesmo para o correcto cumprimento dos obxectivos do proxecto, requírense recursos materiais e recursos persoais específicos.

En base ao exposto, a xefa do servizo de Cohesión Social e Xuventude e o xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías e os respectivos Deputados Delegados de ditas áreas ditaron providencia de inicio para a contratación da implantación e mantemento dunha plataforma de formación innovadora dentro do proxecto “Hub para a loita contra a fenda dixital e a soidade non desexada no medio rural da provincia de Pontevedra” cofinanciado polo Ministerio para a transición ecolóxica e o reto demográfico a través da convocatoria de 2022 para a financiación de proxectos promovidos por entidades locais para a innovación territorial e a reactivación da actividade socio-económica e a loita contra o despoboamento. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Tendo en conta que, con data 8 de maio de 2023, o xefe do servizo de Contratación emite proxecto de memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo mixto de subministro e servizo sendo a prestación principal a de servizo, o procedemento a aplicar é o procedemento aberto, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 8 de maio de 2023, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 01/06/2023.

Con data 21/09/2023 a Xefa do Servizo de cohesión Social e Xuventude emite informe complementario polo que se modifica a providencia de inicio do expediente. A vista do mesmo emítese memoria xustificativa polo Xefe do Servizo de contratación na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo mixto de subministro e servizo sendo a prestación principal a de subministración, o procedemento a aplicar é o procedemento aberto, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP.

Visto que pola intervención se emitiron os correspondentes documentos de retención de crédito RC núm. 202300200167, por importe de 24.981,84 €, RC núm. 202300200236 por importe de 83.040,62 €, RC núm. 202300200242 por importe de 68.827,55 € e RC núm. 202300200279 por importe de 7.743,10 € para a anualidade 2023.

Visto que con data 29/09/2023 emítese informe complementario pola Secretaría Xeral.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 04/10/2023.



Visto que pola intervención se informa que “Nas aplicacións 23/231.2317.652.09 e 23/231.2317.227.06 do vixente orzamento provincial, existe consignación adecuada e suficiente para facer fronte ó gasto da anualidade 2023 e, na aplicación 23/231.2317.642.50, existe crédito con cargo á súa vinculación xurídica. Respecto ás anualidades 2024 (9.463,79 €-Estudios e traballos técnicos, 32.610,62 €-Investimento inmaterial proxectos-desenvolvemento evolutivo e 4.251,43 €-6 meses desenvolvemento correctivo), 2025 (8.502,86 €-desenvolvemento correctivo), 2026 (8.502,86 €- desenvolvemento correctivo) e 2027 (4.251,43 €-6 meses desenvolvemento correctivo) contabilizaranse nas correspondentes aplicacións, que serán no seu caso a 24/231.2317.227.06, 24/231.2317.642.50, 25/231.2317.227.06, 26/231.2317.227.06 e 27/231.2317.227.06, quedando condicionado o gasto á aprobación dos seus respectivos orzamentos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos mesmos.”

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta ó presidente para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do contrato para a Implantación e desenvolvemento evolutivo e correctivo dunha plataforma de formación innovadora dentro do proxecto “*Hub para a loita contra a fenda dixital e a soidade non desexada no medio rural da provincia de Pontevedra*”; cofinanciado polo Ministerio para a transición ecolóxica e o reto demográfico a través da convocatoria de 2022 para a financiación de proxectos promovidos por entidades locais para a innovación territorial e a reactivación da actividade socioeconómica e a loita contra o despoboamento.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: E45XUK4TOM3C1ALZ) e de prescricións técnicas (CSV: E4A7O3TTBPA69HS2) que rexerán dita contratación.



3.- Autorizar o gasto con cargo as seguintes aplicacións orzamentarias e de acordo co seguinte detalle:

| Anualidade | Aplicación orzamentaria | Importe total (con IVE) |
|---|--|-------------------------|
| Investimento Concellos -2023. Dotación das aulas | 2023/231.2317.65209 | 24.981,84 € |
| Investimento inmaterial proxectos – 2023. Implantación Software OTT (SaaS) Plataforma | 2023/231.2317.64250 (vinculación xurídica) | 83.040,62 € |
| Investimento inmaterial proxectos – 2023. Custos de Persoal Implantación Plataforma | 2023/231.2317.64250 (vinculación xurídica) | 68.827,55 € |
| Realización e carga de 1 experiencia formativa e formación interna | 2023/231.2317.227.06 | 7.743,10 € |
| Elaboración de diagnóstico E-Administración | 2024/231.2317.227.06 | 9.463,79 € |
| Desenvolvemento evolutivo da Plataforma (Ata o 30.06.2024) | 2024/231.2317.64250 | 32.610,62 € |
| Desenvolvemento correctivo - 6 meses 2024 | 2024/231.2317.227.06 | 4.251,43 € |
| Desenvolvemento correctivo - 12 meses 2025 | 2025/231.2317.227.06 | 8.502,86 € |
| Desenvolvemento correctivo - 12 meses 2026 | 2026/231.2317.227.06 | 8.502,86 € |
| Desenvolvemento correctivo - 6 meses 2027 | 2027/231.2317.227.06 | 4.251,43 € |
| | TOTAL | 252.176,12 € |

En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para os anos 2024, 2025, 2026 e 2027 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria así como á aprobación do respectivo orzamento provincial.

4.- Nomear responsable do contrato a xefa do servizo de Cohesión Social e Xuventude da Deputación de Pontevedra.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.



7.33042.- APROBACIÓN DA TERCEIRA PRÓRROGA DO ACORDO MARCO QUE REGULA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA, ASESORAMENTO, DEFENSA LETRADA E REPRESENTACIÓN EN XUÍZO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA NO EIDO DE RECURSOS HUMANOS, EMPREGO PÚBLICO E PATRIMONIO. (Expte. 2020024551)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 30 de outubro de 2020, adxudicou o “Acordo marco para a contratación do servizo de asistencia, asesoramento, defensa letrada e representación en xuízo da Deputación de Pontevedra no eido de recursos humanos, emprego público e Patrimonio” á empresa J&A Garrigues, SLP (CIF: B-81.709.081), de acordo ao seguinte detalle:

| DESCRICIÓN DO SERVIZO | Prezo unitario ofertado (sen IVE) | IVE | Prezo unitario ofertado (co IVE) | Unidades estimadas (anuais) |
- *Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.*
- *Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.*
- *Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.*
- *Artigo 4.2 do Real Decreto 616/2017 polo que no caso de presentación agrupada ou representada, deberá subscribirse un acordo, que inclúa entre outras as obrigas que asume cada parte. A estes efectos, a Deputación comprométese a financiar unha porcentaxe das actuacións.*

III. CONCLUSIÓNS

En data 29/10/2020 preséntase ante o IDAE o proxecto “Sistemas sostibles de xestión de augas I: concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Pontearreas e Pontecesures”, asignándosele o rexistro núm. 202000013224. Tras a súa avaliación, en data 02/12/2021 (rexistro de entrada número: 2021029420) recíbese Resolución do Director Xeral do IDAE na que se estima favorablemente a solicitude, concédese a subvención con cargo a FEDER por importe de 692.303,08 euros, asignándosele o número de proxecto FEDER-EELL-2020-004631.

Posteriormente e ao amparo do artigo 14 do RD 616/2017, do 16 de xuño, o a Deputación de Pontevedra solicita ante o IDAE a modificación das condicións iniciais de concesión de axuda debido ao inxente volume de traballo acumulado, xa que de maneira simultánea en todos os expedientes de axudas do IDAE, se están a completando os trámites de recepción dos traballos, a validación, tramitación e pago das certificacións e da liquidación final, e a recompilación de toda a documentación necesaria para a correcta xustificación, provocando deste xeito atrasos na xustificación das actuacións. A ampliación do prazo máximo de (2) dous meses incrementa en un mes máis (1) o prazo inicial para a xustificación das actuacións obxecto do proxecto ante o IDAE do proxecto FEDER-EELL-2020-004631.

En data 06/10/2023 (rexistro de entrada número na Deputación: 2023019810) recíbese a resolución do Director Xeral do IDAE na que acepta a ampliación de prazo solicitado para a xustificación das actuacións obxecto da axuda e por tanto, modificar a resolución de data 29/06/2021, pola que concedeu a subvención con cargo a FEDER por importe de 692.303,08 euros, asignándolle el número de proxecto FEDER-EELL-2020-004631, estendéndose dito prazo ata o 31/10/2023.



A modificación non dana dereitos de terceiros e non altera as condicións económicas da axuda concedida non os prazos de execución establecidos inicialmente.

Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, é necesario realizar a aceptación por parte da Deputación de Pontevedra das condicións da Resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada en Deputación de Pontevedra número 2023019810 e data 06/10/2023 na que acepta a ampliación de prazo solicitada para a xustificación das actuacións obxecto da axuda, estendéndose dito prazo ata o 31/10/2023 e, por tanto, modifica a Resolución de data 29/06/2021, pola que conceden a subvención con cargo a FEDER por importe de 692.303,08 euros.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, informo favorablemente a tramitación deste expediente e propono a aceptación da modificación do prazo de xustificación das contratacións necesarias para a execución das actuacións obxecto de axuda do expediente IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004631 “Sistemas sostibles de xestión de augas I: concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Pontearreas e Pontecesures”.

IV. RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude do establecido na base 16^a.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

*A xefa do servizo de Cooperación
Marina Piñeiro Novo”*

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación de data 06/10/2023, e da Intervención Provincial de data 11/09/2023, a Xunta de Goberno, acorda por unanimidade:

- A aceptación da modificación do prazo máximo de (2) dous meses, contados a partir da data en que expire o prazo máximo outorgado para a execución da actuación ou da súa eventual ampliación para xustificación por parte do beneficiario da realización das actuacións que conforman o proxecto núm. FEDER-EELL-2020-004631 “Sistemas sostibles de xestión de augas I: concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Pontearreas e Pontecesures”, segundo se regula no artigo 15 del Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, modificado polo Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, cuxo vencemento é 30/09/2023, en (1) un mes adicional; ampliándose deste xeito o prazo máximo para xustificación da realización do proxecto ao 31/10/2023.
- Darlle traslado do presente acordo ao Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), ós concellos beneficiarios, á Intervención, ó Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.



16.33051.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DAS INTERSECCIÓN E ACONDICIONAMENTO NO ENTORNO DA ESTRADA DO VAO, EP-2003 (CONCELLO DE VIGO)”. (Expte.- 2022049078)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 14/04/2023 acordou adxudicar á empresa PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A70319678) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora das interseccións e acondicionamento no entorno da estrada do Vao, EP-2003 (Concello de Vigo)" por un importe de 545.362,31 euros IVE incluído, e un prazo de execución de CATRO (4) MESES.

Resultando.- Que con data 19/05/2023 formalízase acta de comprobación de replanteo, establecendo coma data para finalizar a obra o día 19/09/2023.

Resultando.- Que Con data 21/07/2023 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación, escrito do contratista solicitando unha ampliación de prazo na execución da obra de TRES (3) MESES, debido ós retrasos producidos na fabricación e no subministro dos materiais correspondentes ás partidas pendentes de executar do contrato, e debido á falta de man de obra cualificada que afecta severamente ao sector da construción.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/08/2023 acordou ampliar o prazo de execución da obra “Mellora das interseccións e acondicionamento no entorno da estrada do Vao, EP-2003 (Concello de Vigo)” en TRINTA (30) DÍAS, establecendo coma data para finalizar a obra o día 19/10/2023.

Resultando.- Que con data 12/09/2023 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación (REX_WEB2023052854), escrito do contratista solicitando unha ampliación de prazo na execución da obra de TRINTA (30) DÍAS, debido as seguintes causas:

- As condicións do mercado con falta de stock de materias primas, implica un aumento dos tempos de execución dos distintos pavimentos.
- A coordinación de actividades de acceso as praias tanto de peóns coma de vehículos debido á época estival na que nos atopamos, implica reorganización dos taxos que impiden atacar labores en ambos marxes ó mesmo tempo.

Resultando.- Consta no expediente informe da directora de obra (CSV): XD3L80Y9047VZT66 no que se recolle que ademais dos motivos mencionados na solicitude recibida, a ampliación de prazo ven motivada polos retrasos ocasionados durante as obras pola necesidade realizar o replanteo de diversas actuacións do proxecto coa presenza de técnicos municipais do Concello de Vigo e dos propietarios dos predios lindeiros para axustarse á realidade física. Elo implicou retrasos nos avances previstos ata a explicación e consenso de cada solución proxectada, retrasos xustificados na complexidade do entorno urbano atravesado e da solucións ad hoc precisas, considerando que as causas alegadas de demora non son imputables ao contratista, entendendo xustificada a concesión da prórroga para a ampliación do prazo de execución da obra no prazo solicitado de TRINTA DÍAS, ata o 19 de novembro de 2023.



Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Secretario da Deputación e o Interventor (CSV) NCMMRXETI7KJRGRO, no que se recolle quedo informe do/a responsable do contrato, infórmase favorablemente, autorizando a ampliación do prazo de execución en TRINTA (30) DIAS, sendo a data de finalización deste contrato o 19 de novembro de 2023.

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: "...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva..."

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: "...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor..."

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: "1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración..."

Considerando.- Que en virtude da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais e o Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE, S.A. o Lote 3 do "Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Sur)".

Considerando.- Que o PCAP que rexe nesta contratación establece que atendendo ás necesidades existentes adxudicaranse os correspondentes contratos derivados.

Considerando.- Que os traballos obxecto dos contratos derivados que se adxudiquen terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Considerando.- Que na súa consecuencia proponse á ATENEA SEGURIDAD Y MEIDOAMBIENTE, S.A. para a adxudicación do Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na segunda prorroga do contrato "Mellora das interseccións e acondicionamento no entorno da estrada do Vao, EP-2003 (Concello de Vigo)" por un importe de 420,92 € IVE incluído.

Considerando.- O informe emitido pola xefa do Servizo de Fiscalización, no que se recolle que na vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gasto código nº 2022049078, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto emitíuse o documento RC nº 202300202327.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Conceder á empresa *Prace Servizos y Obras S.A.U.*, unha ampliación do prazo de execución de TRINTA (30) DÍAS, na execución do contrato “Mellora das interseccións e acondicionamento no entorno da estrada do Vao, EP-2003 (Concello de Vigo)”, establecendo coma data para finalizar a obra o día 19 de novembro de 2023, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicaran ó contratista automaticamente penalidades previstas.
2. Adxudicar á empresa *Atenea Seguridade y Meidoambiente, S.A.* (CIF A82876905) o Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na segunda prorroga do contrato “*Mellora das interseccións e acondicionamento no entorno da estrada do Vao, EP-2003 (Concello de Vigo)*” (expte 2023061367), por un importe de 420,92 € de acordo co seguinte detalle:
Importe..... 347,87 €
IVE (21 %)..... 73,05 €
Importe total..... 420,92 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado terán lugar durante os TRINTA (30) DIAS polos que se amplía o prazo de execución do contrato de obras " Contrato derivado Lote 3 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2022, con efectos dende o 19/10/2023.

Neste contrato derivado, nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; nº de expte. 2023061367.

17.33052.- AMPLIACIÓN DO PRAZO EXECUCIÓN CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA EP-2601 MOS - PUXEIROS DENDE O P.Q. 0+020 ATA O P.Q. 0+600 (CONCELLO DE MOS)”.
(Expte.2022045199)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 09/12/2022 acordou adxudicar á empresa *Arines Obras y Proyectos, S.L.*, CIF (B15411705) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos- Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 Concello de Mos*”, por un importe de 411.312,96 euros IVE e un prazo de execución de SEIS (6) MESES.

Resultando.- Que data 16/01/2023 formalízase acta de comprobación de replanteo, establecendo coma data para finalizar a obra o día 16/07/2023.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 31/03/2023 acordou Autorizar a suspensión da execución do contrato de obras “*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos - Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 (Concello de Mos)*”, con efectos dende o 17/03/2023. Con data 26/06/2023 formalizouse entre a directora de obra e o contratista acta de reinicio da obra, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra o día 23/10/2023.



Resultando.- Que con data 13/09/2023 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación (REX_WEB2023053124), escrito do contratista solicitando unha ampliación de prazo na execución da obra de DOUS (2) MESES, indicando que existe unha afección a unha liña de baixa tensión que debe ser modificada, executándose unha nova arqueta sobre a liña existente en tensión. Estes traballos coa liña en carga só poden ser executados pola empresa subministradora. Indican asemade que a día de hoxe non se iniciaron os traballos e a previsión que lle indica a compañía é que tardarán ao redor de mes e medio. Unha vez executados ditos traballos, terán que realizarse traballos de remate no seu entorno, polo que solicitan a ampliación do prazo das obras por causas non imputables ao contratista en 2 meses máis, establecéndose a nova data de finalización das obras para o 23 de decembro de 2023.

Resultando.- Consta no expediente informe da directora de obra (CSV): 8KP5ZMZN0G8N35Y0, recollendo Dirección Facultativa considera que as causas alegadas de demora non son imputables ao contratista e que procede a ampliación do prazo en 2 meses.

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Secretario da Deputación e o Interventor (CSV) 7X0RQIGSB38YCIQC, no que se recolle que do informe do/a responsable do contrato, infórmase favorablemente, autorizando a ampliación do prazo de execución en DOUS (2) MESES, sendo a data de finalización deste contrato o 23/12/2023.

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: *“...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...”*

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: *“...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...”*

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: *“1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...”*

Considerando.- Que en virtude da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais e o Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa *Atenea Seguridad y Medioambiente, S.A.* o Lote 3 do *“Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Sur)”*.



Considerando.- Que o PCAP que rexe nesta contratación establece que atendendo ás necesidades existentes adxudicaranse os correspondentes contratos derivados.

Considerando.- Que os traballos obxecto dos contratos derivados que se adxudiquen terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse á *Atenea Seguridade y Meidoambiente, S.A.* para a adxudicación do Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na prorroga do contrato de obras "*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos - Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 (Concello de Mos)*", por un importe de 1.064,24 € IVE incluído.

Considerando.- O informe emitido pola xefa do Servizo de Fiscalización, no que se recolle que na aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02, dentro do proxecto de gasto código nº 2017003642/42, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto emitíuse o documento RC nº 202300202305.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Conceder á empresa *Arines Obras y Proyectos, S.L.*, unha ampliación do prazo de execución de DOUS (2) MESES, na execución do contrato de obra "*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos- Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 Concello de Mos)*" establecendo coma data para finalizar a obra o día 23 de decembro de 2023 a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicaran ó contratista automaticamente penalidades previstas.
2. Adxudicar á empresa *Atenea Seguridade y Medioambiente, S.A.* (CIF A82876905) o Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na prorroga do contrato de obras "*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos - Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 (Concello de Mos)*" (expte 2023061388), por un importe de 420,92 € de acordo co seguinte detalle:
Importe..... 846,81 €
IVE (21 %)..... 177,83 €
Importe total..... 1.064,24 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado terán lugar durante os DOUS (2) MESES polos que se amplía o prazo de execución do contrato de obras "*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos - Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 (Concello de Mos)*", con efectos dende o 24/10/2023.

Neste contrato derivado, nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; nº de Expte. 2023061388.



18.33053.- CAMBIO DIRECTOR DE OBRA NA EXECUCIÓN DO CONTRATO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 3303 TABAGÓN-GOIÁN, DENDE O P.Q. 1+795 ATA O P.Q. 3+600. TREITO II (O ROSAL)”. (Expte. 2022047518).

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 19/05/2023 acordou nomear directora da obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón-Goián, dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (O Rosal)”, á enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona Andrea Otero Otero.

Resultando.- Que mediante escrito de data 02/10/2023 que consta no expediente con CSV: UC9MIXFQ380EJA82, o director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicita un cambio de nomeamento na dirección de obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón-Goián, dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (O Rosal)” por motivos dunha baixa laboral da actual directora de obra, proponendo para exercer dita labor ó xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais D. Francisco Alonso Fernández.

Considerando.- Que a cláusula 18 do prego de cláusulas económico-administrativas particulares que rexe nesta contratación recolle o seguinte: “*Con independencia da unidade encargada do seguimento e execución ordinaria do contrato que figure nos pregos, o órgano de Contratación nomeará, no acordo de adxudicación do contrato, a unha directora ou director facultativo, a quen lle corresponderá, como responsable do contrato, supervisar a súa execución, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, conforme o disposto nos artigos 237 a 246 da LCSP...*”

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Autorizar o cambio de dirección da obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón-Goián, dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (O Rosal)”, deixando sen efecto dende a data de adopción deste acordo, o nomeamento de Dona Andrea Otero Otero.
2. Nomear director da obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón-Goián, dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (O Rosal)” a D. Francisco Alonso Fernández, xefe dos servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

19.33054.- CAMBIO DIRECTOR DE OBRA NA EXECUCIÓN DO CONTRATO “MELLORA DA SEGURANZA VIARIA E SENDA PEONIL NA E.P. 2106 A RAMALLOSA-PARADA, DENDE O P.Q. 3+200 AO P.Q. 4+195 (CONCELLO DE NIGRÁN)”. (Expte.2023004714)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 28/07/2023 acordou nomear directora da obra “Mellora da seguranza viaria e senda peonil na E.P. 2106 A Ramallosa-Parada, dende o P.Q. 3+200 ao P.Q. 4+195 (Concello de Nigrán)” á enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona Andrea Otero Otero.



Resultando.- Que mediante escrito de data 02/10/2023 que consta no expediente con CSV: UOMNVX89U0QFNVJE, o director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicita un cambio de nomeamento na dirección de obra “*Mellora da seguranza viaria e senda peonil na E.P. 2106 A Ramallosa-Parada, dende o P.Q. 3+200 ao P.Q. 4+195 (Concello de Nigrán)*” por motivos dunha baixa laboral da actual directora de obra, proponendo para exercer dita labor ó xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais D. Francisco Alonso Fernández.

Considerando.- Que a cláusula 18 do prego de cláusulas económico-administrativas particulares que rexe nesta contratación recolle o seguinte: “*Con independencia da unidade encargada do seguimento e execución ordinaria do contrato que figure nos pregos, o órgano de Contratación nomeará, no acordo de adxudicación do contrato, a unha directora ou director facultativo, a quen lle corresponderá, como responsable do contrato, supervisar a súa execución, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, conforme o disposto nos artigos 237 a 246 da LCSP...*”

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Autorizar o cambio de dirección da obra “*Mellora da seguranza viaria e senda peonil na E.P. 2106 A Ramallosa-Parada, dende o P.Q. 3+200 ao P.Q. 4+195 (Concello de Nigrán)*”, deixando sen efecto dende a data de adopción deste acordo, o nomeamento de Dona Andrea Otero Otero.
2. Nomear director da obra “*Mellora da seguranza viaria e senda peonil na E.P. 2106 A Ramallosa-Parada, dende o P.Q. 3+200 ao P.Q. 4+195 (Concello de Nigrán)*” a D. Francisco Alonso Fernández, xefe dos servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

20.33055.- CAMBIO DIRECTOR DE OBRA NA EXECUCIÓN DO CONTRATO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NO CAMIÑO ESCOLAR NA E.P. 3102 AO CEP. PEDRO CASELLES DENDE O PQ. 0+000 ATA O PQ. 0+400 (CONCELLO DE TOMIÑO)”. (Expte. 2021041514)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 28/01/2022 acordou nomear directora da obra “*Mellora da mobilidade peonil no camiño escolar na E.P. 3102 ao CEP. Pedro Caselles dende o pq. 0+000 ata o pq. 0+400 (Concello de Tomiño)*” á enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona Andrea Otero Otero.

Resultando.- Que mediante escrito de data 03/10/2023 que consta no expediente con CSV: 2HHGEHH1Y2HQYGC, o director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicita un cambio de nomeamento na dirección de obra “*Mellora da mobilidade peonil no camiño escolar na E.P. 3102 ao CEP. Pedro Caselles dende o pq. 0+000 ata o pq. 0+400 (Concello de Tomiño)*”, por motivos dunha baixa laboral da actual directora de obra, proponendo para exercer dita labor ó enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais D. Evaristo Juncal Froján.

Considerando.- Que a cláusula 18 do prego de cláusulas económico-administrativas particulares que rexe nesta contratación recolle o seguinte: “*Con independencia da unidade encargada do seguimento e execución ordinaria do contrato que figure nos pregos, o órgano de Contratación nomeará, no acordo de adxudicación do contrato, a unha directora ou*



director facultativo, a quen lle corresponderá, como responsable do contrato, supervisar a súa execución, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, conforme o disposto nos artigos 237 a 246 da LCSP...”

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Autorizar o cambio de dirección da obra “Mellora da mobilidade peonil no camiño escolar na E.P. 3102 ao CEP. Pedro Caselles dende o pq. 0+000 ata o pq. 0+400 (Concello de Tomiño)”, deixando sen efecto dende a data de adopción deste acordo, o nomeamento de Dona Andrea Otero Otero.
2. Nomear director da obra “Mellora da mobilidade peonil no camiño escolar na E.P. 3102 ao CEP. Pedro Caselles dende o pq. 0+000 ata o pq. 0+400 (Concello de Tomiño)”, a D. Evaristo Juncal Froján, enxeñeiro adscrito ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

21.33056.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA AIN ACTIVE, S.L. PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DERIVADO DE ASISTENCIA TÉCNICA E CONTROL E SEGUIMENTO DA OBRA “MELLORA DE INTERSECCIÓN NO PQ 0+400 DA EP 8001 CALDAS-CARRACEDO-CATOIRA” (CD-28)” (Exp.2019002259) (Devogarán 2020008667)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 1 de setembro de 2017 (Nº Rexistro 2017016696, de data 11/09/2017), adoptouse, entre outros asuntos, a adxudicación do Acordo Marco para regular a contratación do “Servizo de asistencia técnica para o control e seguimento das obras do Servizo de Mobilidade da Deputación de Pontevedra” (Exp. 2017004128).

Para responder da realización do Contrato Derivado número 18, que compuxo este servizo, a empresa *AIN ACTIVE CONSULTORES TÉCNICOS, S.L. (CIF.- B-15.903.883)*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unhas fianzas definitivas polos importes equivalentes ao 5% dos prezos de adxudicación, polos seguintes importes:

| Empresa | CD | Importe | Carta Pago | Datas |
|-------------------------------|----------------------|---------|--------------|------------|
| AIN ACTIVE, S.L. (B-15903883) | 28 (Exp. 2019002259) | 295,66€ | 201900038352 | 28/02/2019 |

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais no cal se informa que procede a devolución da fianza depositada ao considerar que polo tempo que transcorreu dende a adxudicación do contrato derivado sen poder iniciar os traballos e resultando que a empresa adxudicataria non é responsable da non execución do contrato, o que procede é a devolución da mesma.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existen na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil *AIN ACTIVE CONSULTORES TÉCNICOS, S.L.*, dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.



Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación dos Contrato Derivado número 28 do *Acordo Marco* convocado para regular a contratación do “*Servizo de asistencia técnica para o control e seguimento das obras do Servizo de Mobilidade da Deputación de Pontevedra*” (Expte. 2017004128), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída pola entidade mercantil *AIN ACTIVE CONSULTORES TÉCNICOS, S.L.*, por resultar adxudicataria de ditos *Contratos Derivados* que son os seguintes:

- o A garantía definitiva constituída en metálico, por importe de douscentos noventa e cinco euros con sesenta e seis céntimos (295,66 €), para responder do CD28 de “AT control e seguimento da obra -*Mellora de intersección no PQ 0+400 da EP 8001 Caldas-Carracedo-Catoira*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 28/02/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900038352.

22.33057.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA, CONSTITUÍDA POLA EMPRESA MASTER TOUCH PUBLICIDAD, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE Á SUBMINISTRACIÓN DE PACKAGING SUSTENTABLE E REUTILIZABLE DOS PROXECTOS “DA TÚA MAN” DENTRO DA LIÑA DE AXUDAS PARA O APOIO A MERCADOS, ZONAS URBANAS COMERCIAIS, COMERCIO NON SEDENTARIO E CANLES CORTOS DE COMERCIALIZACIÓN E “COMMERCE INSIDE” DENTRO DA LIÑA DE AXUDAS PARA O FORTALECEMENTO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS TURÍSTICAS, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU” (Expte.2022062046) (Devogarán 2023060047)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 24 de maio de 2019 (CSV.- Z2NYYONRB7ZMWNPO), adxudicouse, mediante procedemento aberto, a contratación do “*Subministración de packaging sustentable e reutilizable dos proxectos «Da túa man», dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización e “COMMERCE INSIDE”, dentro da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola UE -NEXT GENERATION EU-*”. (Expte. 2022062046).



Para responder da realización do lote 4 que compuxo este servizo, a empresa MASTER TOUCH PUBLICIDAD, S.L. (B-82265190), adxudicataria de dito lote, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, polo seguinte importe:

| EMPRESA | IMPORTE | CARTA PAGO | DATA |
|---|------------|--------------|------------|
| MASTER TOUCH PUBLICIDAD, S.L. (B-82265190) | 17.430,00€ | 202200264150 | 28/12/2022 |

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido, conxuntamente, polos Servizos de Promoción de Emprego e Turismo Rías Baixas no cal informan favorablemente á devolución da mesma, polo que pode procederse a ditar o oportuno acto de devolución da garantía definitiva constituída ao efecto.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil MASTER TOUCH PUBLICIDAD, S.L. (B-82265190), dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Subministración de packaging sustentable e reutilizábel dos proxectos «Da túa man», dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización e “COMMERCE INSIDE”, dentro da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola UE -NEXT GENERATION EU-*” (Expte. 2022062046), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída pola entidade mercantil MASTER TOUCH PUBLICIDAD, S.L., mediante aval de ATRADIUS CRÉDITO Y CAUCIÓN (B-82265190), por importe de 17.430,00 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 28/12/2022, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202200264150.



23.33058.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA), PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DA OBRA “REPOSICIÓN DE FIRME E MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP-5003 A CAÑIZA-ARBO (CONCELLOS DA CAÑIZA E ARBO)” (Expte.2019033642) (Devogarán 2021004368)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 10 de xaneiro de 2020 (CSV.-XL9V7HUAZTGT3ZDV), adxudicouse, mediante procedemento aberto simplificado, a obra de “*Reposición de firme e mellora da seguridade viaria na E.P. 503 A Cañiza-Arbo (Concellos da Cañiza e Arbo)*”. (Expte. 2019033642).

Para responder da realización deste contrato, a empresa Construcións, Obras e Viais, S.A., constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, polo seguinte importe:

| EMPRESA | IMPORTE | CARTA PAGO | DATA |
|---|------------|--------------|------------|
| CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A. (A-36008886) | 28.147,66€ | 201900230169 | 16/12/2019 |

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 26 de xuño de 2020 (CSV.-CJ4GM2MGYA0OA7AK), aprobouse o proxecto modificado da obra de “*Reposición de firme e mellora da seguridade viaria na E.P. 503 A Cañiza-Arbo (Concellos da Cañiza e Arbo)*”.

Para responder da execución deste proxecto modificado, a empresa Construcións, Obras e Viais, S.A., constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, polo seguinte importe:

| EMPRESA | IMPORTE | CARTA PAGO | DATA |
|---|-----------|--------------|------------|
| CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A. (A-36008886) | 3.951,36€ | 202000123243 | 07/07/2020 |

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal informa que finalizado o contrato referido e transcorridos os prazos legalmente establecidos da garantía esixida e do seu proxecto modificado sen que o servizo correspondente comunicara ningún vicio ou defecto na realización do obxecto ao que fai referencia o contrato dos que puideran derivarse responsabilidade algunha por parte do contratista, o que procede é a devolución das mesmas a fin de evitar futuras reclamacións por parte do adxudicatario dos intereses legais correspondentes no caso de non ser devoltas xustificadamente.



Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil Contratacións, Obras e Viais, S.A., dunhas garantías con eses conceptos e por eses importes, e no que igualmente informa favorablemente á devolución das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de obra “*Reposición de firme e mellora da seguridade viaria na E.P. 503 A Cañiza-Arbo (Concellos da Cañiza e Arbo)*” (Expte. 2019033642), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución das garantías definitivas constituídas pola entidade mercantil *CONSTRUCCIÓNS, OBRAS E VLAIS, S.A.*- (A-36008886), por resultar adxudicataria de dito contrato e do seu complementario, que son as seguintes:

- o A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *GENERALI*, por importe de vinte e oito mil cento corenta e sete euros con sesenta e seis céntimos (28.147,66 €), que foi depositada na Tesourería Provincial o 16/12/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900230169.
- o A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *ASEFA*, por importe de tres mil novecentos cincuenta e un euros con trinta e seis céntimos (3.951,36 €), que foi depositada na Tesourería Provincial o 07/07/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000123243.

24.33059.- IMPOSICIÓN DE PENALIDADES POR INCUMPRIMENTO CULPABLE DO CONTRATISTA NA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 9702 AS SINAS – VILANOVA, ENTRE O PQ 1+415 E O PQ 2+225 (CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA)” (Expte.2022039817)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 12/12/2022 acordou adxudicar á empresa *NAROM, S.L.*, (CIF B36163418) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9702 As Sinas - Vilanova, entre o P.Q. 1+415 e o P.Q. 2+225 (Vilanova de Arousa)*”, por un importe de 257.338,36 € IVE incluído, e un prazo de execución de CATRO (4) MESES.



Resultando.- Que para facer fronte a execución deste contrato Narom, S.L., constituíu garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra por importe de 10.833,82 € segundo queda acreditado en carta de pago de data 24/11/2022 con número de operación 202200239628.

Resultando.- Que con data 23/01/2023 formalizouse entre o director de obra, acta de comprobación de replanteo, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra o día 23/05/2023.

Resultando.- Que da execución desta obra emitíronse as correspondentes certificacións, sendo a certificación nº1, nº2 e nº3 a cero.

Resultando.- Que na certificación número 4, que recolle o período de execución do 01/04/2023 ao 30/04/2023, , recóllese que o importe das unidades de obra pendentes de executar é de 214.656,51 €.

Resultando.- Que a certificación número 5, recolle o período de execución do 01/05/2023 ao 31/05/2023, estando parte dela xa fora do prazo de execución, recollendo que o importe das unidades de obra pendentes de executar é de 190.503,34 €.

Resultando.- Que a ultima certificación emitida é a certificación número 6, que recolle o período de execución 01/06/2023 ao 30/06/2023 fora toda ela do prazo de execución.

Resultando.- Que mediante informe que emitiu informe o director de obra, que se atopa no expediente con (CSV) YYLGQTCM3R97QECL, recóllese no mesmo o seguinte: “...A obra atópase fóra de prazo sen xustificación, incorrendo a empresa NAROM S.L. en demora respecto ao cumprimento do prazo total por causas que lle son imputables.”

Resultando.- Que requirido o contratista para que fixera as alegacións que estimara oportunas, este atendeu ó requirimento presentando escrito na data 07/08/2023 a través do Rexistro electrónico da Deputación, no que recolle unha serie de xustificacións do retraso que se produciu na execución da obra, dando traslado do citado escrito á directora de obra para que emitira o preceptivo informe.

Resultando.- Que con data a 08/09/2023 /2022 emitiu o citado informe recollendo o seguinte: “...considero que a xustificación presentada pola empresa Narom S.L. non xustifica a demora na execución da obra, tendo en conta que, a maiores do especificado anteriormente, e tal e como se pode ver nas imaxes que se axuntan no Anexo N° 1, o día da entrada por rexistro do escrito de alegacións presentado por Narom S.L., o 07/08/2023, a empresa adxudicataria das obras se atopaba formigonando a senda aínda no ámbito do campamento da Xunta de Galicia (P.Q. 2+000-2+020), faltándolle aínda por formigonar case 200 metros lineais dos 800 metros lineais de senda de formigón que contempla o proxecto, a maiores dos traballos correspondentes á sinalización tanto horizontal como vertical na totalidade do ámbito da obra, recrecido de sumidoiros e remate de pozos, etc., sen xustificar o indicado no escrito de alegacións presentado por Narom S.L. tal demora na execución das obras contempladas no proxecto. Por último, indicar que na data da suposta finalización das obras (o día 23/05/2023), e tal e como se pode comprobar no informe de seguimento en materia de seguridade e saúde da obra emitido en maio pola empresa Ingeniería y Prevención de Riesgos I+P, e que se axuntan no Anexo N° 2 deste informe, a empresa Narom S.L. se atopaba realizando os traballos de canalizacións no P.Q. 1+800, faltándolle aínda os treitos de rede de pluviais contemplados no



proxeito desde ese punto ata o P.Q. 2+200 (final da actuación), e con respecto á execución da senda, neste mes a empresa finalizou a colocación do bordo de formigón no primeiro tramo da senda contemplada no proxecto (do P.Q. 1+410 ao P.Q. 1+720), faltándolle por realizar tanto o formigonado deste primeiro tramo da senda como a totalidade dos traballos contemplados no segundo tramo (que vai do P.Q. 1+740 ao P.Q. 2+200), tanto a preparación do terreo como a colocación do bordo e formigonado da senda. O prazo de demora irá desde o día 23/05/2023, data da finalización oficial das obras trala sinatura da acta de comprobación de replanteo positiva o día 23/01/2023 e ter a obra un prazo de execución de 4 meses, ata o día que se indique na certificación última como final de obra...”

Resultando.- Que na data 12/09/2023 incorporouse o expediente a certificación número 8 que recolle o período de execución dende o 01/08/2023 ó 18/08/2023, por importe de 34.196,01 €, recollendo a mesma que non queda ningunha unidade de obra pendente de executar.

Resultando.- Que consta no expediente o preceptivo informe do xefe de Servizo de Contratación, no que se recolle o seguinte: “...O director de obra recolle nos seus informes que existiu un retraso na execución dos traballos por causas imputables ó contratista, recollendo no informe de data 08/09/2023, unha vez que examinou as alegacións feitas polo contratista, que a xustificación presentada pola empresa Narom S.L. non xustifica a demora na execución da obra e que o prazo de demora irá desde o día 23/05/2023, data da finalización oficial das obras trala sinatura da acta de comprobación de replanteo positiva o día 23/01/2023 e ter a obra un prazo de execución de 4 meses, ata o día que se indique na certificación última como final de obra, que como se recolleu anteriormente foi o día 18/08/2023. Polo dito anteriormente, e polo recollido nos informes do director de obra emitidos ó efecto así como o establecido nos pregos que rexeron nesta contratación e as normas de contratacións asociadas, á empresa NAROM, S.L. non cumpriu co prazo de execución do contrato por causas que lle son imputables ó contratista, superando dito prazo en OCHENTA E SETE (87) DÍAS, polo que cabería impoñerlle as penalidades correspondentes. A cuantificación económica da cantidade a penalizar sería o resultado de aplicar a proporción diaria de 0,60 € por cada 1.000 euros do prezo do contrato IVE excluído, sendo a cantidade resultante de 11.101,70 €, cantidade que lle sería deducida da garantía constituída no seu día...”

Considerando.- Que o artigo 190 da Lei da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector público recolle o seguinte: “...o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta...”

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público recolle o seguinte: “...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva...”

Considerando.- Que a cláusula 21.7 do PCAP que rexeu nesta contratación en relación co artigo 193.3 da LCSP establecen no que ás penalidades por demora se refire, o seguinte: “...Cando a ou o contratista, por causas que lle sexan imputables, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar, atendidas as circunstancias do caso, pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,60 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato, IVE excluído...”



Considerando.- Que o artigo 194.2 do mesmo texto legal, establece que: “...as penalidades previstas nos dous artigos anteriores imporanse por acordo do órgano de contratación, adoptando a proposta do responsable do contrato, se se houbera designado, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas as deducións das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban abonarse ó contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, se constituíra, cando non poidan deducirse dos pagos mencionados...”

Considerando.- Que o artigo 110.b) da Lei LCSP establece que a garantía definitiva responderá das penalidades impostas ó contratista.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

- Impoñer penalidades á empresa NAROM, S.L., (CIF B36163418), por incumprimento culpable na execución do contrato de obras “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9702 As Sinas - Vilanova, entre o P.Q. 1+415 e o P.Q. 2+225 (Vilanova de Arousa)”.

A cuantificación económica da cantidade a penalizar será de 11.101,70 €, farase efectiva mediante o depósito da citada cantidade polo contratista na Tesourería da Deputación de Pontevedra no prazo de QUINCE DÍAS HÁBILES, a contar dende o día seguinte da notificación deste acordo.

Transcorrido o prazo sen aportar dito importe, procederase a dedución da citada cantidade da garantía definitiva depositada polo adxudicatario para facer fronte á execución da desta obra.

No caso de que a garantía non sexa bastante para cubrir as responsabilidades ás que está afectada, procederase ó cobro da diferenza mediante o procedemento administrativo de apremio, con arranxo ó establecido nas normas de recadación.

25.33060.- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES ADXUDICADOS E DOS DATOS ESTATÍSTICOS DE CONTRATACIÓN CORRESPONDENTES AO TERCEIRO TRIMESTRE DO ANO 2023 (Expte. 2023031905)

A Deputación de Pontevedra, en cumprimento do disposto no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, ven publicando na sección de transparencia da súa páxina web desde o primeiro trimestre do ano 2015 a información relativa ós contratos menores adxudicados así como dos datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario dos contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público segundo os datos existentes no seu Servizo de Contratación e Patrimonio.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no art. 63.4 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público desde a entrada en vigor da referida norma publica no Perfil do Contratante a información relativa aos contratos menores adxudicados e a formalización de todos os contratos.



Á vista dos anteditos preceptos legais, o Servizo de Contratación e Patrimonio elaborou os informes: “*Contratos menores adxudicados no terceiro trimestre de 2023*” e “*Datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orçamentario dos contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público durante o terceiro trimestre do ano 2023*” que se achegan no expediente.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Queda enterada do contido dos informes “*Contratos menores adxudicados no terceiro trimestre de 2023*” (CSVFTVUEZUV6Y5U3UKV) e “*Datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orçamentario dos contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público durante o terceiro trimestre do ano 2023*” (CSV FEX49UL01LONSEI6), de conformidade co disposto no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- Ordena a súa publicación na sección de transparencia da páxina web da Institución Provincial.

26.33061.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN POR “XIRA GALEGA DE BALONMÁN PRAIA 2023”, APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO 28/07/2023 (Expte.2023023490)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 28 de xullo de 2023 unha subvención a favor da *Federación Galega de Balonmán* con NIF: G36690832 do concello de Vigo, por un importe de 2.171,60€, para a “*Xira Galega Balonmán Praia 2023*” co CSV: K1SUHCG4W71YPK9K e con cargo á aplicación 23/340.3410.489.04, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2023056592 con data 04/10/2023 do citado club renunciando á subvención concedida dado a imposibilidade de xustificación, e vista a dilixencia de fiscalizado e conforme da Intervención de 5 de outubro de 2023 co CSV: 4ZY3WFDP1HCOAYMX e polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

27.33062.- NOVA ADXUDICACIÓN DENTRO DO PROGRAMA “EN RUTA COA DEPO” 2023 (Expte.2022063049)

1º.- A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, ten entre os seus fins promover a xestión de políticas públicas para a cohesión social, con especial énfase en persoas con discapacidade, persoas maiores e a mocidade.

Nesta liña, o programa “*En ruta coa Depo*” configúrase como unha acción encamiñada a fomentar a participación, a convivencia e a cohesión social dos distintos colectivos sociais da provincia de Pontevedra ao impulsar a igualdade de oportunidades para os colectivos con discapacidade, ofrecerlle alternativas de ocio e tempo de lecer á poboación xuvenil da nosa provincia e promover rutas destinadas ás entidades de nais e pais que fomenten a convivencia e o intercambio de experiencias nas que participen activamente nenas e nenos.



“*En ruta coa Depo*”, oferta 33 rutas e un total de 20.000 prazas das cales resérvanse un máximo de 300 prazas gratuítas para persoas que carezan de recursos económicos suficientes ou que se atopen en risco de exclusión, promovendo a través de asociacións sen ánimo de lucro da provincia, rutas turísticas de lugares emblemáticos de Pontevedra.

O número máximo de participantes por ruta é de 54 persoas, non podéndose realizar a saída se non se acada un mínimo de 50 participantes. Aos colectivos de persoas con mobilidade reducida que precisen de cadeiras de rodas ou doutras axudas técnicas asignaráselles, con carácter xeral, un autobús de 34 prazas, que permita a ancoraxe de cadeiras de rodas, sen prexuízo daquelas que poidan acomodarse no maleteiro, tendo en conta as limitacións de mobilidade das e dos usuarios.

2º.- As bases foron aprobadas en Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria celebrada o pasado 9 de decembro de 2022, recolléndose na base segunda a “contía consignada para este programa é de catrocentos setenta e nove mil catrocentos cincuenta (479.450,00) euros, con cargo á aplicación orzamentaria 23/231.2311.227.07 do Orzamento provincial”.

3º. Con data 12 de xuño de 2023, Intervención emite informe favorable ao expediente de adxudicación de 19.976 prazas a 374 entidades por un importe de 363.618,00 €, de acordo co seguinte desglose:

| Prezo UD. Gratuítas | N.º Prazas | CUSTO USUARIO | Financiamento Deputación | Subtotal |
|----------------------|------------|---------------|--------------------------|---------------------|
| 31,50 € | Máx. 300 | 0,00 € | 31,50 € | 9.450,00 € |
| Prezo UD. Ordinarias | N.º Prazas | CUSTO USUARIO | Financiamento Deputación | Subtotal |
| 31,50 € | 19.676 | 13,50 € | 18,00 € | 354.168,00 € |
| TOTAL GLOBAL | | | | 363.618,00 € |

4º.- Por Acordo adoptado pola Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 16 de xuño de 2023, número 6.32755, aprobouse a adxudicación de rutas e prazas do programa “*En Ruta coa Depo*” 2023.

Atendendo aos criterios de prelación establecidos nas Bases Reguladoras do programa, adxudicáronse un total de 19.976 prazas, das cales un máximo de 300 son gratuítas, a 374 entidades, publicándose o anuncio de adxudicación no BOPPO número 119, do mércores 21 de xuño de 2023.

Os ANEXOS que figuran asinados no expediente cos seguintes CSV:

- Anexo I : Listado das entidades solicitantes aceptadas CSV: N5UJ5KKH3UJBG5N3
- Anexo II: Listado de entidades excluídas CSV: NNJV9KACATWYWLCI
- Anexo III: Listado das entidades con ruta asignada CSV: NT4NM9VBDT1623XB
- Anexo IV: Listado das entidades en lista de espera CSV: RUMDQZJ8ND8JE1WV
- Anexo V: Listado de prazas gratuítas das rutas adxudicadas CSV: HKNTM2MP1GZ0AZ8A
- Anexo VI: Listado de prazas gratuítas en espera das rutas adxudicadas CSV: HQ8LZQ7N4G38FGT3



5º.- A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 4 de agosto de 2023, adoptou o Acordo número 4.32873, de ratificación da Resolución Presidencial relativa á adxudicación de 20 novas prazas do programa á Asociación de Mulleres Poza da Moura Domaio (NIF número G-36.390.284).

A modificación do acordo de adxudicación supuxo un cambio no importe financiado:

| Prezo Ud. Gratuítas | N.º Prazas | Custo Usuario | Financiamento Deputación | Subtotal |
|----------------------|------------|---------------|--------------------------|--------------|
| 31,50 € | Máx. 300 | 0,00 € | 31,50 € | 9.450,00 € |
| Prezo Ud. Ordinarias | N.º Prazas | Custo Usuario | Financiamento Deputación | Subtotal |
| 31,50 € | 19.696 | 13,50 € | 18,00 € | 354.528,00 € |
| TOTAL GLOBAL | | | | 363.978,00 € |

6º.- En relación cas 300 prazas gratuítas adxudicadas, concedeuse un prazo de dez (10) días hábiles para xustificar a gratuidade mediante a aportación dun informe social dos Servizos Sociais comunitarios municipais (anexo IV das bases) ou, de ser o caso, dun informe da traballadora social da propia entidade solicitante.

Rematado o prazo, presentouse a xustificación da gratuidade de unicamente 160 prazas.

Segundo o establecido nas bases reguladoras do programa poden adxudicarse ata un máximo de 300 prazas gratuítas, e ao existir prazas gratuítas en lista de espera, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 18 de agosto de 2023, adoptou o Acordo, número 9.32911, de adxudicación de 105 novas prazas gratuítas ás entidades que figuraban no “Anexo VI: Listado de prazas gratuítas en espera das rutas adxudicadas”. A adxudicación estaba condicionada á previa acreditación documental da súa gratuidade nun prazo de dez (10) días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación do Acordo.

Unha vez rematado o prazo de xustificación da gratuidade, ningunha das asociacións con novas prazas gratuítas adxudicadas presentou a documentación xustificativa para acreditar a súa gratuidade, de xeito que estas pasan a considerarse prazas ordinarias.

Polo tanto, do máximo de 300 prazas gratuítas, adxudícanse 160 como gratuítas e pasan a considerarse prazas ordinarias as 140 restantes, entre as que se inclúen as 105 citadas.

7º.- Con data 8 de setembro de 2023, nº de rexistro WEB2023052535, a Asociación de Vecinos San Roque (NIF número G-36.179.562) presenta instancia xenérica na que alega que na solicitude de participación do programa solicitaron 54 prazas e que, por erro, teñen aprobadas unicamente 34 prazas. Polo tanto, solicitan “un autobús de 54 asentos”, o que suporía a adxudicación de 20 novas prazas do programa.



Revisado o expediente, constátase que a entidade, no formulario da solicitude de participación, solicitou 54 prazas de adultos para participar no programa, circunstancia non advertida polo Servizo na tramitación dos expedientes.

Consonte ao artigo 64 do Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, que prevé que o beneficiario poida solicitar a modificación do contido da resolución de concesión, podería autorizarse dita modificación sempre e cando coa mesma non se danen dereitos de terceiros. No caso que nos ocupa, tratase dunha asociación que seguindo a orde de prelación establecida nas bases reguladoras da convocatoria, reúne os requisitos para figurar con ruta na primeira adxudicación, e o erro no número de prazas non foi advertido por este Servizo no intre da tramitación e posterior proposta de adxudicación. Así mesmo non sería posible adxudicar unha ruta á 5ª entidade da lista de agarda debido a que non existe un número suficiente de prazas vacantes, xa que non se pode superar o máximo de 20.000.

En consecuencia, procede conceder 20 novas prazas á Asociación de Vecinos San Roque, que pasaría de 34 a 54 prazas adxudicadas.

8º.- Con data 21 de setembro de 2023 e nº de rexistro WEB2023054390; con data 25 de setembro de 2023 e nº de rexistro WEB2023054808; e con data 26 de setembro de 2023 e nº de rexistro WEB2023055043, a Asociación Irmandade Illa de Tambo (NIF número G-94.129.467), a Asociación de persoas xordas de Pontevedra (NIF número G-36.489.888) e a ANPA Sestelo Baión (NIF número G-36.181.162), respectivamente, presentan as súas renuncias ás rutas adxudicadas, debido a diversos motivos, entre eles, non reunir o número suficiente de participantes esixido para realizar a actividade.

A Asociación Irmandade Illa de Tambo (NIF número G-94.129.467) tiña adxudicadas 34 prazas, a Asociación de persoas xordas de Pontevedra (NIF número G-36.489.888) 54 prazas e a ANPA Sestelo Baión (NIF número G-36.181.162) 54 prazas para o programa. Coa adxudicación das 236 novas prazas do programa “En Ruta coa Depo 2023”, non se supera o número máximo ofertado de 20.000 prazas nin o crédito orzamentario consignado para o programa na aplicación 23/231.2311.227.07 do orzamento provincial.

A adxudicación destas 236 novas prazas, implica que o número prazas adxudicadas para o programa pasaría a ser dun total de 19.981 prazas.

A modificación do acordo de adxudicación supón un cambio no importe financiado:

| Prezo Ud. Gratuítas | N.º Prazas | Custo Usuario | Financiamento Deputación | Subtotal |
|----------------------|------------|---------------|--------------------------|---------------------|
| 31,50 € | 160 | 0,00 € | 31,50 € | 5.040,00 € |
| Prezo Ud. Ordinarias | N.º Prazas | Custo Usuario | Financiamento Deputación | Subtotal |
| 31,50 € | 19.821 | 13,50 € | 18,00 € | 356.778,00 € |
| TOTAL GLOBAL | | | | 361.818,00 € |



Respectándose por tanto a contía consignada para este programa, que como se expuxo no punto 2 ascende á cantidade de 479.450,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 23/231.2311.227.07 do orzamento provincial vixente.

9º.- Con data 3 de outubro de 2023, Intervención emite dilixencia de “fiscalizado e conforme” respecto do informe proposta emitido pola Xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude (CSV: AHM4BSQDD1JE0HXU), de data 2 de outubro de 2023, para:

- Revocar a concesión de 105 prazas gratuítas, que pasarían a ser prazas ordinarias.
- Subsanación de erros con referencia á adxudicación de prazas á Asociación de vecinos San Roque (NIF: G-36.179.562).
- Aprobación de 3 renunciias.
- Adxudicación de rutas ás 4 primeiras entidades da lista de agarda.

Coa adxudicación destas novas prazas o importe financiado pola Deputación de Pontevedra ascende a 361.818,00€ (5.040,00€ polas prazas gratuítas e 356.778,00€ polas prazas ordinarias).

O órgano competente para a concesión é a Xunta de Goberno.

- **NORMATIVA APLICABLE**

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común
- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia
- Bases do programa Depo en Marcha 2023

De acordo co exposto, e ao abeiro do establecido nas Bases Reguladoras do programa “*En Ruta coa Depo*” 2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro- Revocar a concesión de 105 prazas gratuítas , aprobadas por Acordo da Xunta de Goberno número 9.32911, de data 18 de agosto de 2023, ás entidades que figuraban no “*Anexo VT*” por non achegar os informes sociais esixidos na convocatoria, polo que pasan a ser prazas ordinarias:

| Expediente | NIF | Asociación | Prazas ordinarias |
|------------|-----------|--|-------------------|
| 2023009896 | G94004462 | ASOC DE VECIÑOS DE XENDE E PARADELA | 54 |
| 2023009925 | G36179828 | ASOC CULTURAL E SOCIAL SOUTELO | 5 |
| 2023010641 | G94157021 | ASOC CULTURAL E RECREATIVA FIOYE2 | 2 |
| 2023011883 | G36395598 | ASOCIACION DE MULLERES RURAIS ARBENSES | 34 |
| 2023013729 | G36142685 | ASOC DE VECINOS SANTA BAYA-MOS | 8 |
| 2023014246 | G27771195 | ASOCIACION VECIÑAL NOVO VIGO | 2 |



Segundo- Aceptar as renuncias presentadas pola “Asociación Irmandade Illa de Tambo (NIF número G94.129.467)” a “Asociación de persoas xordas de Pontevedra (NIF número G-36.489.888)” e a “ANPA Sestelo Baión (NIF número G36.181.162)”, por non reunir o número suficiente de persoas participantes esixido para realizar a actividade, o que supón dispoñer de 142 prazas baleiras.

Terceiro- Adxudicar 20 prazas á “Asociación de Vecinos San Roque” (NIF número G-36.179.562), que pasaría de 34 a 54 prazas adxudicadas.

Cuarto- Adxudicar rutas ás catro primeiras entidades da lista de agarda (CSV: RUMDQZJ8ND8JE1WV), que son as seguintes:

| Orden | Expte | NIF | Nome Entidade | Concello | Ruta | Prazas | Gratuítas |
|-------|------------|-----------|--|----------------|---------|--------|-----------|
| 1 | 2023017891 | G36899995 | ASOCIACION DE AMAS DE CASA DE BAIONA | Baiona | Ruta 13 | 54 | 0 |
| 2 | 2023017895 | G36294791 | ASOC VECINOS SANTA EULALIA DE MATALOBOS | Estrada, A | Ruta 23 | 54 | 0 |
| 3 | 2023017896 | G36143428 | ANPA DO COLEXIO DE ENSINANZA INFANTIL PUBLICO SAN CLEMENTE | Caldas de Reis | Ruta 22 | 54 | 0 |
| 4 | 2023017898 | G36022622 | ASOCIACION RECREO CULTURAL DA ESTRADA | Estrada, A | Ruta 23 | 54 | 0 |

A adxudicación de prazas ás catro primeiras entidades da lista de agarda supón a adxudicación dun total de 216 novas prazas ordinarias.

Quinto- Actualizar os seguintes listados que figuran no expediente:

- Anexo III: Listado das entidades con ruta asignada CSV: VJLR0OQVTT9G7IKL
- Anexo IV: Listado das entidades en lista de espera CSV: VP6JDCAUWTEOCZ5E



28.33063.- MODIFICACIÓN DO ACORDO ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO DO DÍA 16/06/2023 (Nº 2.32751), POLO QUE SE CONCEDÍA UNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA, AO ABEIRO DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA CON POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS DE PROXECTOS SUBVENCIONABLES AO ABEIRO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA NO ÁMBITO DO TURISMO DEPORTIVO SOSTIBLE, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ACONDICIONAMENTO DE PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL”, POR CAMBIO DE ACTUACIÓN. (Expte.2023031722)

A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do día 31 de marzo de 2023, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria de subvencións a entidades locais da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia no ámbito do Turismo Sostible (compoñente 26, Investimento 2)”, que permite aos concellos interesados dispoñer de financiamento para afrontar os traballos de preparación da documentación necesaria para presentar solicitudes de subvención de proxectos de interese municipal nas convocatorias de subvencións con fondos Next Generation UE para fomentar o turismo deportivo sostible. Ditas bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 65, do 03/04/2023.

En data 16/06/2023, mediante acordo da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial número 2.32751, concedéuselle ao Concello de Vilanova de Arousa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, unha subvención por importe de 7.865,00 euros, con destino ao financiamento do investimento “Acondicionamento de pavillón polideportivo municipal”, expediente 2023031722, cun orzamento por importe de 7.865,00 euros.

En data 11/08/2023 consta entrada na sede electrónica da Deputación, escrito do Concello de Vilanova de Arousa achegando unha solicitude de cambio da actuación subvencionada para a actuación denominada “Mejora del complejo deportivo de o Terrón para la creación de una escuela náutica y el fomento del turismo deportivo sostenible”, expediente 2023031722. En data posterior o concello emenda a documentación presentada en data 11/08/2023.

Neste contexto, o concello achega unha solicitude de cambio de actuación subvencionada, motivada en que “unha vez analizado as bases reguladoras da subvención do CSD, este Concello decidiu optar a subvención co novo proxecto denominado “Mejora del complejo deportivo de o Terrón para la creación de una escuela náutica y el fomento del turismo deportivo sostenible”, onde os criterios de valoración prantexados garantizan ao 100% o cumprimento do seguimento climático, de conformidade coa Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible, o Pacto Verde Europeo e o sistema de marcadores de RÍO-CADOCDE” o orzamento de 7.865,00 non varía con respecto á subvención concedida na Xunta de Goberno do día 16/06/2023.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras de subvencións a entidades locais da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro do PLAN DE Recuperación, Transformación e Resiliencia no ámbito do turismo deportivo sostible (Compoñente 26, Investimento 2).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático.

Consideracións Xurídicas

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 14ª de subvencións a entidades locais da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro do plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia no ámbito do turismo deportivo sostible (compoñente 26, investimento 2) relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez comprobados os expedientes, e determinados os seus obxectos e importes das axudas, elaborárase unha proposta de resolución para someterse á aprobación do órgano competente, previo informe de fiscalización emitido do Servizo de Intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.



- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Resolución do expediente:

- Artigos 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras de subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública. A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación de data 05/10/2023 e do servizo de Intervención de data 05/10/2023 que conclúen favorablemente a modificación do acordo núm. 2.32751, da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial do día 16 de xuño de 2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Modificar o acordo da Xunta de Goberno núm. 2.32751, do día 16 de xuño de 2023, polo que se concedeu ao concello de Vilanova de Arousa, CIF: P3606100J, a cantidade de 7.865,00 euros con destino ao financiamento do investimento “Acondicionamento de pavillón polideportivo municipal” (expediente: 2023031722), no sentido de mudar a actuación antedita pola de “mejora del complejo deportivo de O Terrón para la creación de una escuela náutica y el fomento del turismo deportivo sostenible” que figura no expediente, motivando o cambio de actuación no mellor cumprimento dos obxectivos do seguimento climático, de conformidade coa Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible.
- O novo acordo da Xunta de Goberno non altera a tipoloxía da actuación, non supón un incremento da subvención a cargo da Deputación de Pontevedra inicialmente aprobada nin prexudica dereitos de terceiros.
- O resto do acordo da Xunta de Goberno núm. 2.32751, do día 16 de xuño de 2023, permanecerá invariable.
- Darlle traslado do presente acordo ao concello de Vilanova de Arousa, Intervención, Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.



29.33064.- MODIFICACIÓN DO ACORDO ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO DO DÍA 21/07/2023 (Nº2.32821), POLO QUE SE CONCEDÍA UNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE COVELO PARA O INVESTIMENTO INCLUIDO NA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE SUBVENCIÓNS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA REPARACIÓN DE DANOS CAUSADOS POLAS INUNDACIÓNS PARA O INVESTIMENTO “MUROS DE CONTENCIÓN E CANALIZACIÓNS DE PLUVIAIS PARA A REPARACIÓN DE DANOS CAUSADOS POLAS INUNDACIÓNS, COVELO E RECONSTRUCCIÓN DE BALAUSTRADO DE PONTE TIELAS DANADO POLAS INUNDACIÓNS EN SAN SALVADOR DE PRADO” (Expte.2023033227)

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 3 de marzo de 2023, adoptou o acordo número 13.32349 polo que se aprobaban as bases reguladoras e a convocatoria extraordinaria para a reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos da provincia de Pontevedra, entre o 24 de decembro de 2022 e o 1 de xaneiro de 2023, publicadas no BOPPO núm. 46 de 7 de marzo de 2023.

Segundo.- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2023004393 de data 02/06/2023 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello de acordo coa Base reguladora 6ª das axudas económicas para realizar reparacións de danos causados polas inundacións. No caso concreto do Concello de Covelo constaban precipitacións de 103,39 l/m2 polo que resultaba un importe máximo subvencionable de 122.052,00 euros.

Terceiro.- En data 03/05/2023, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2023029663), ao abeiro do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións, petición do Concello de COVELO, emendada nas datas 09/06/2023 , 12/06/2023 e 29/06/2023 (núm. rexistro WEB2023037149 , WEB2023037468 e WEB2023040794 respectivamente), na que solicita con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 103.106,43 euros, con destino ao financiamento do investimento denominado “MUROS DE CONTENCIÓN E CANALIZACIÓNS DE PLUVIAIS PARA A REPARACIÓN DE DANOS CAUSADOS POLAS INUNDACIÓNS, COVELO”, cun orzamento de 111.770,85 , dos cales 103.106,43 euros corresponden a execución de contrata e 8.664,42 euros a honorarios e cun orzamento subvencionable de 103.106,43 euros.

Cuarto.- Na data 13/06/2023 o expediente informouse favorablemente polo facultativo técnico do Servizo de Cooperación, pola xefa do Servizo de Cooperación e pola Intervención provincial na data 30/06/2023.

Quinto.- Mediante o acordo núm. 2.32821 da Xunta de Goberno, do 21/07/2023, resolveuse o seguinte:
“- Conceder ao Concello de Covelo, CIF P3601300A, a cantidade de 103.106,43 € con destino ao financiamento do investimento “Muros de contención e canalizacións de pluviais para a reparación de danos causados polas inundacións, Covelo”, cun orzamento subvencionable de 103.106,00 euros.

Sexto.- Mediante a RP núm. 2023006140, de data 03/08/2023, rectificase a RP núm. 2023004393, por un error de transcripción.



Sétimo.- Con posterioridade, detéctanse erros no informe meteorolóxico de Meteogalicia de febreiro do 2023 , polo que se emite un novo informe o 07/08/2023 sobre as precipitacións rexistradas na provincia o día 01/01/2023 no que se rectifican algúns dos datos pluviométricos remitidos no mes de febreiro de 2023 e, entre eles, os datos relativos ao Concello de Covelo.

Oitavo.- Á vista deste novo informe, mediante a RP núm. 2023006725, de 05/09/2023, rectifícase a RP núm. 2023004393, de 02/06/2023, constando a aceptación da notificación desta RP polo Concello o mesmo día 05/09/2023.

Toda vez que as precipitacións rexistradas no Concello de Covelo aumentan ata os 115 l/m2, correspóndelle ao Concello unha cantidade máxima subvencionable de 139.488,00euros. Xa que lle aumenta o importe subvencionable, o concello pode reformular a súa solicitude.

Noveno.- En data 27/09/2023 con número de rexistro WEB2023055197, emendado na data 29/09/2023 (núm. rexistro WEB2023055629), o Concello presenta no Rexistro da Deputación, nova solicitude reformulada, solicitando unha subvención por importe de 122.051,99 euros, cun orzamento polo mesmo importe; modificando o acordo de concesión da subvención , (Acordo Xunta de Goberno núm. 2.32821 de data 21/07/2023), para o investimento “MUROS DE CONTENCIÓN E CANALIZACIÓNS DE PLUVIAIS PARA A REPARACIÓN DE DANOS CAUSADOS POLAS INUNDACIÓNS E RECONSTRUCCIÓN DE BALAUSTRADO DE PONTE TIELAS DANADO POLAS INUNDACIÓNS EN SAN SALVADOR DE PRADO”, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

| CONCELLO | ACTUACIÓN | ORZAMENTO | SUBVENCIÓN |
|----------------------------|---|----------------------------------|----------------------------------|
| COVELO NIF P3601300A | Muros de contención e canalizacións de pluviais para a reparación de danos causados por inundacións, Covelo | 103.103,43€ | 103.103,43€ |
| | Reconstrución de balaustrado de Ponte Tielas danado polas inundacións en San Salvador de Prado | Execución de Obra: 18.945,00€ | Execución de Obra: 18.945,00€ |
| | TOTAL | 122.051,99€ | 122.051,99€ |

Decimo.- As presentes actuacións contan co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do Servizo de Cooperación de data 27/09/2023.

Décimo primeiro.- Así mesmo, as actuacións contan co informe favorable da xefa do Servizo de Cooperación de data 04/10/2023 e da Intervención Provincial de data 06/10/2023.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación (OXS).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 7ª do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos da provincia de Pontevedra, relativa ao procedemento de concesión, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que o órgano instrutor solicitará o informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesarios, e que se fará un informe proposta para a aprobación da concesión da axuda.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS, que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 7ª, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.



- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 10.9 da OXS, que sinala que se achegará a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos tras a concesión no prazo que fixen as bases reguladoras, ou na súa falta, no de quince días seguintes á notificación ou, no seu caso, publicación da resolución.
- Artigos 17 e ss. da OXS, que regulan o procedemento de concesión.

RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 34 e 35 da LBRL e nos artigos 61 e 63 do ROFRXEL correspóndelle á Xunta de Goberno ser o órgano competente para a concesión desta subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 27/09/2023, e da xefa do servizo de Cooperación de data 04/10/2023 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 06/10/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1º Modificar o acordo de concesión da subvención ao *Concello de Covelo*, CIF P3601300A, incrementándose o importe da subvención concedida ata a de 122.051,99 euros, cun orzamento polo mesmo importe, con cargo á aplicación orzamentaria 2023/942.9428.762.97 e con destino ao financiamento do investimento denominado “*Muros de contención e canalizacións de pluviais para reparación de danos causados polas inundacións, e reconstrución de balastrado de Ponte Tielas danado polas inundacións en San Salvador de Prado*”, (Expte. 2023033227), quedando configurada a súa petición tal como se reflicte na táboa:

| CONCELLO | ACTUACIÓN | ORZAMENTO | SUBVENCIÓN |
|----------------------------|---|----------------------------------|----------------------------------|
| COVELO NIF P3601300A | Muros de contención e canalizacións de pluviais para a reparación de danos causados por inundacións, Covelo | 103.103,43€ | 103.103,43€ |
| | Reconstrución de balastrado de Ponte Tielas danado polas inundacións en San Salvador de Prado | Execución de Obra: 18.945,00€ | Execución de Obra: 18.945,00€ |
| | TOTAL | 122.051,99€ | 122.051,99€ |



Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9428.762.97 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.

A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de reparación de danos causados polas inundacións, aprobadas polo acordo da Xunta de Goberno nº 13.32349, do día 3 de marzo de 2023 e publicadas no BOPPO núm. 46 de 7 de marzo de 2023, (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

2º Dar traslado da presente acordo ao *Concello de Covelo*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

30.33065.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS EN VEHÍCULO NO CONCELLO DE SANXENXO (Expte. 2022068266)

Dada conta que con data de rexistro 09/11/2022 (rex. núm. WEB2022057726) recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D. Ramón Jáudenes López de Castro en representación de D. Pablo Esperón Bello, por danos producidos o día 31/07/2022 na súa motocicleta, que se atopaba estacionada na beiravía da E.P. 9210 Acceso a Rouxique, no *Concello de Sanxenxo*, a consecuencia, segundo manifesta, de atoparse branda a capa asfáltica por terse renovado recentemente, o que fixo ceder a pata de soporte da mesma, e que cuantificou economicamente en 850,86 €.


Resultando.- Que, xunto coa instancia, achega o reclamante parte a prevención por accidente de circulación en núcleo urbano elaborado pola Policía Xudicial de Tráfico do Concello de Sanxenxo, no que se recollen, entre outros, os seguintes datos:

- Que o accidente tivo lugar ás 17:30 horas do día 31/07/2022.
- Superficie do firme: seco e limpo.
- Calzada con firme en bo estado de rodadura.
- *“Vial debilitado por la ola de calor que se estaba sufriendo esos días, por lo que debido al peso de la motocicleta, el asfalto cede debido a que estaba blando”.*
- *“De haberse producido los hechos de la forma expuesta anteriormente, es parecer de los Policías actuantes que la causa inmediata del siniestro vial que nos ocupa, podría ser el estado del vial, teniendo en cuenta las causas anteriormente descritas (ola de calor y asfalto blando)”.*
- *“Circulaba correctamente, quizá realizó, eso sí, un giro brusco cuando maniobró hacia la izquierda”.*



Resultando.- Que con data 01/12/2022 e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2 do R.D. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais desta Deputación, que emitiu o mesmo o día 28/12/2022, co seguinte contido:

PRIMEIRO.- A estrada provincial EP-9210 ACCESO A ROUXIQUE parte do inventario da rede provincial.



SEGUNDO.- A empresa MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES AROSA, S.L. resultou adxudicatario do ACORDO MARCO DE “OBRAS DE CONSERVACION DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACION DE PONTEVEDRA” co obxecto de acometer obras de reparación de firmes ao abeiro do acordo marco de obras de conservación de firmes nas vías provinciais da Deputación de Pontevedra. A zona E comprende os concellos de Valga, Pontecesures, Catoira, Cambados, O Grove, Sanxenxo, Meaño, Meis, Ribadumia, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa e Illa de Arousa.


O obxecto deste orzamento é realizar obras nos viais provinciais meramente de conservación e mantemento que permitan unha maior durabilidade aos firmes. Actuase só no dominio público e para garantir en todo momento a seguridade viaria.

Dentro das actuacións (e segundo se describe no seu correspondente contrato derivado) estaba contemplado actuar na EP 9210 ACCESO A ROUXIQUE. A empresa acometeu estas obras (dentro do prazo de execución do contrato) Na primeira semana do mes de xullo, procedendo ao fresado e posterior reposición dos carrís de circulación entre os puntos quilométricos 0+330 ó PK 0+670, nas zonas onde o firme se atopaba moi deteriorado.


TERCEIRO.- Non se tiveron coñecementos de ningún dano nese lugar namentres se executaron as obras. Non existen escritos rexistrados nin partes de incidencias en ningún caso por tal motivo.



CUARTO.-Unha vez rebrandado o lugar obxecto da reclamación este correspóndese co punto situado á marxe esquerda do quilométrico 0+600 do vial provincial.



A sección da estrada no punto do accidente é de 7 metros de calzada, onde a beiravía non pavimentada na marxe esquerda non chega aos 0,50 metros.



Este ancho de plataforma non está acondicionado para o estacionamento de vehículos. Pódese comprobar que está delimitado por unha liña continua que impide o aparcamento polo que os coches que alí estacionados estaban nun lugar non habilitado incumprindo a sinalización da estrada.



No informe da policía local indícanse tres aspectos a destacar:

1. Que o vehículo está parado nun lugar habilitado,

SITUACIÓN EN LA QUE SE ENCONTRABA:

| | |
|-------------------------------------|--|
| <input type="checkbox"/> | Vehículo estacionado en lugar habilitado. |
| <input type="checkbox"/> | Vehículo estacionado en lugar no habilitado. |
| <input checked="" type="checkbox"/> | Vehículo parado en lugar habilitado. |
| <input type="checkbox"/> | Vehículo parado en lugar no habilitado. |
| <input type="checkbox"/> | Vehículo en interior de propiedad privada. |
| <input type="checkbox"/> | Otra situación no prevista. |

O vehículo atopábase parado na beiravía. A definición de este elemento da estrada segundo o DECRETO 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia é a seguinte:

Beiravía: franxa lonxitudinal pavimentada, contigua á calzada, non destinada ao uso de vehículos automóbiles, agás en circunstancias excepcionais

2.- A zona onde tivo lugar o incidente non está habilitada en ningún caso para estar ocupada por vehículos.



Á vista das fotos que se achegan no mesmo informe pode comprobarse que a beiravía non está ademais pavimentada e atópase limitada por unha liña continua.



3.-Na conclusión do informe técnico policial establécese que:

As marcas sobre o pavimento, ou marcas viarias, teñen por obxecto regular a circulación e advertir ou guiar aos usuarios da vía, e poden empregarse soas ou con outros medios de sinalización, a fin de reforzar ou precisar as súas indicacións.

O sinal de bordo da estrada é a que marca o bordo exterior da calzada e ao ser continua sobre a calzada significa que ningún condutor co seu vehículo ou animal debe atravesala nin circular co seu vehículo sobre ela.

Por todo o anteriormente exposto conclúese que os traballos executados foron estritamente na zona de circulación e a zona onde estaba estacionado o vehículo non estaba habilitado para tal fin.

Enxeñeiro

M^a. Belén Pampín Camino

Resultando.- Que con data 04/01/2023, e de conformidade co disposto no artigo 4.1, apartado c), da Lei 39/2015, emprazouse á mercantil Movimiento de Áridos y Construcciones Arosa, S. L. para que puidera comparecer como interesada e facer as alegacións que tivera por convenientes, presentando escrito de alegacións na data 10/01/2023 co seguinte contido:

“Se han ejecutado las obras según y conforme a las indicaciones del personal de la Diputación de Pontevedra y según las indicaciones del coordinador de seguridad y salud en materia preventiva.

El material empleado en tal pavimentación tiene marcado CE y fue ensayado en fase de ejecución sin detectar ninguna anomalía.



El pavimento ejecutado es totalmente funcional una vez compactado.

Resulta imposible que los daños en la motocicleta de Pablo Esperón Bello sean consecuencia de una mala ejecución o defecto del material empleado”.

Resultando.- Que con data 02/05/2023, e de conformidade co establecido na sentenza 63/2010 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra, en relación co artigo 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (os importes referidos a peritación previa e factura de reparación deben ser coincidentes co importe reclamado), requíriuse ó interesado para que aclarara o motivo polo cal reclama o importe de 1995,80 €, cando o desembolso realizado segundo a factura de reparación foi de 850,86 €.

Resultando.- Que con data 04/05/2023, D. Ramón Jáudenes López de Castro presenta escrito no que manifesta que a cantidade reclamada pola reparación da motocicleta é a de 850,86 €.

Considerando.- Que no presente procedemento seguiu o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido á tardanza na emisión de informes e á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación no acontecido, polo seguinte:

- Segundo o informe da Policía Local de Sanxenxo, achegado polo reclamante xunto coa instancia, o accidente tivo lugar ás 17:30 horas, é dicir, a plena luz do día.
- A superficie do firme atopábase seca e limpa e en bo estado de rodadura.
- Recóllese, asemade, no mesmo que o firme se atopaba debilitado pola ola de calor que se estaba a sufrir ese días o que, unido ó peso da motocicleta, a fixo ceder.
- O citado informe da Policía Local non semella ser de todo concluínte, pois recolle o acontecido do seguinte xeito: *“De haberse producido los hechos de la forma expuesta anteriormente, es parecer de los Policías actuantes que la causa inmediata del siniestro vial que nos ocupa, podría ser el estado del vial...”*, polo que os elementos ou indicios existentes no presente suposto non semellan alcanzar o grado de proba ou evidencia irrefutable que permita establecer a relación de causalidade entre o acontecido e o funcionamento do servizo público.



- Asemade, recóllese en dito informe que o reclamante realizou un xiro brusco na súa manobra cara á esquerda.
- Segundo o informe do Servizo de Infraestruturas da Deputación, de data 28/12/2022, a sección da estrada no punto do accidente é de 7 metros de calzada, onde a beiravía non pavimentada na marxe esquerda non chega aos 0,50 metros.
- Este ancho de plataforma non está acondicionado para o estacionamento de vehículos, xa está delimitado por unha liña continua que impide o aparcamento.
- É por iso que os vehículos alí estacionados estaban nun lugar non habilitado incumprindo a sinalización da estrada.
- Segundo o DECRETO 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia a beiravía é a franxa lonxitudinal pavimentada, contigua á calzada, non destinada ao uso de vehículos automóbiles, agás en circunstancias excepcionais.
- A zona onde tivo lugar o incidente non está habilitada en ningún caso para estar ocupada por vehículos.
- Á vista das fotos que se achegan no informe, pode comprobarse que a beiravía non está ademais pavimentada e atópase limitada por unha liña continua.



- Ademais desta fotografía do informe policial, constan no expediente outras aportadas polo Servizo de Infraestruturas, nas que se aprecia con claridade que o punto no que estacionou a motocicleta correspóndese xustamente co límite da zona pavimentada e a zona sen pavimentar, debendo o



reclamante presumir que este borde xa non tería a consistencia do resto da calzada para soportar o peso da motocicleta, por tratarse do límite final da zona pavimentada, non sendo o lugar máis axeitado para apoiar a pata de soporte da motocicleta.



- O sinal de bordo da estrada é a que marca o bordo exterior da calzada e ao ser continua sobre a mesma significa que ningún condutor co seu vehículo debe atravesala nin circular sobre ela.
- Os traballos executados foron estritamente na zona de circulación e a zona onde estaba estacionado o vehículo non estaba habilitado para o estacionamento.



- Segundo o manifestado pola empresa que executou a reposición do firme, o material empregado ten marcado CE e foi ensaiado en fase de execución sen detectar ningunha anomalía.
- O pavimento executado é totalmente funcional una vez compactado, polo que resulta imposible que os danos sexan consecuencia dunha mala execución ou defecto do material empregado.
- Non houbo mais accidentes pola mesma causa.

Considerando.- Que a forza causacional non reside en ningunha actuación que, por acción ou omisión, por funcionamento normal ou anormal do servizo público, poida imputarse á Deputación, polo que dificilmente se lle poden atribuír a esta as consecuencias indemnizatorias, pois a mera detentación material dunha infraestrutura non a converte nunha aseguradora universal de todos os riscos.

Considerando.- Que todo parece indicar, á vista das fotografías, que o reclamante estacionou o vehículo no límite da zona non pavimentada, onde xa se observa a presenza de herba e pedras, sendo este lugar pouco estable para o soporte dunha motocicleta, o que fai descansar a responsabilidade no propio reclamante, vinculada coa forza maior.

Considerando.- Que a sentenza nº 111/2020 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 de Pontevedra, nun suposto con identidade de razón (caída da motocicleta por asfalto brando) eximiu de toda responsabilidade á Deputación.

Considerando.- Que no informe do Servizo de Infraestruturas de data 28/12/2022, recóllese que a empresa que acometeu as obras de conservación de firmes na estrada foi Movimiento de Áridos y Construcciones Arosa, S.L., polo que, ó abeiro do artigo 1.902 do Código Civil, podería, de ser o caso (cuestión que esta Deputación non prexulga), esixírselle á mesma a hipotética responsabilidade por mala praxis no eido da xurisdición civil.

Considerando.- Que o expresado no apartado inmediatamente anterior atopa apoiatura nunha Sentenza que é considerada pola doutrina xurídica punto de inflexión entre a escueta referencia feita na Lei do Réxime Xurídico da Administración do Estado do ano 1957 e a regulación moito mais minuciosa e detallada das Leis 30/1992 e 40/2015, que dedicaron xa un capítulo específico á responsabilidade patrimonial e ás causas que quebraban a relación de causalidade, das que no presente suposto cabe destacar a atribución da responsabilidade a terceiros contratistas ou concesionarios. Así, con linguaxe meridianamente claro, veu dicir o Tribunal Supremo na súa Sentenza de data de data 31/07/1989 (RJ 1989,6193) (Sala 3ª, Sección 1ª), *“Cuando los daños y perjuicios se derivan de una actividad técnica no cumplida directamente por la organización administrativa, sino por organizaciones privadas no integradas en la Administración, con las que ésta contrata atribuyéndoles la gestión de un servicio público o la ejecución de una obra pública, se interfiere entre Administración y particulares una empresa privada a la que materialmente le son atribuibles sus causas”*.



Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) da Lei 39/2015, referido á desestimación argumentada da reclamación.

Considerando.- Os preceptos invocados e demais de xeral e pertinente aplicación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a solicitude de indemnización.

31.33066.- APROBACIÓN DO PROXECTO “BIOCOSTEIRO.- CONSERVACIÓN DA BIODIVERSIDADE EN HÁBITATS COSTEIRO GALAICOPORTUGUESES PARA PROMOVER E LOGRAR UN DESENVOLVEMENTO EQUILIBRADO DAS ECONOMÍAS LOCAIS”, PRESENTADO Á TERCEIRA CONVOCATORIA, PRIORIDADE 4, DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN INTERREG VI A ESPAÑA-PORTUGAL (POCTEP) 2021 – 2027, QUE RECIBE APOIO DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER). (Expte.2023009411)

Con data 09.10.2023 tivo entrada na Deputación de Pontevedra, a notificación do Comité de Xestión do Programa de Cooperación Interreg VI a España – Portugal (POCTEP) 2021-2027, financiado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) da concesión da axuda FEDER de 563.012,04 € ao proxecto 0141_BIOCOSTEIRO_1_E presentado á terceira convocatoria, e no cal a Deputación de Pontevedra actúa como beneficiario principal, coas seguintes características:

ANTECEDENTES

- O artigo 36.1.d da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe ás deputacións competencias no fomento do desenvolvemento económico e social e na defensa dos intereses peculiares da provincia.
- O Reino de España e a República de Portugal presentaron o Programa de Cooperación Interreg VI A España – Portugal (POCTEP) para o período 2021 - 2027, que foi aprobado pola Comisión Europea mediante a Decisión C (2022) 6125 de 22/08/2022.



- O Comité de Seguimento do Programa de Cooperación Interreg VI A España – Portugal (POCTEP) aprobou o día 11.11.2022 a publicación da convocatoria para a presentación de proxectos para a Prioridade 4, acordando que esta terá un carácter conxunto e único para todo o Programa e definindo as Bases da Segunda Convocatoria do POCTEP 2021 – 2027 para as referidas accións da Prioridade.

| | |
|---|--|
| Prioridade 4. Protexer e conservar a biodiversidade nos espazos naturais e rurais e valorizar os ecosistemas naturais e o medio ambiente urbano do espazo transfronteirizo a través da cooperación. | |
| OE Interreg – acción a). | OE 2.7 Fomento da protección e a conservación da natureza, a biodiversidade e as infraestruturas ecolóxicas (no sucesivo, «infraestruturas verdes»), tamén nas zonas urbanas, e a redución de toda forma de contaminación. |

- A Deputación de Pontevedra presentou a esta convocatoria o proxecto “CONSERVACIÓN DA BIODIVERSIDADE EN HÁBITATS COSTEIROS GALAICOPORTUGUESES PARA PROMOVER E LOGRAR UN DESENVOLVEMENTO EQUILIBRADO DAS ECONOMÍAS LOCAIS”, en diante “BIOCOSTEIRO”, co obxecto de realizar un diagnóstico común aos territorios, cos hábitats e especies identificadas para elaborar unha metodoloxía estandarizada para a implementación de medidas de conservación sobre os hábitats, as súas especies e as súas ameazas e para deseñar unha estratexia de turismo sostible e proceso de certificación, a través dunha “Comisión de Xestión de Turismo Sostible”.

O proxecto desenvolverase en 1 territorio NUT 3 (Pontevedra + Alto Minho) e conta con 3 socios, dos que 2 deles son socios-territorio, que na súa calidade de deputación provincial en España e comunidade intermunicipal en Portugal teñen un rol de dinamización e apoio e acompañamento aos concellos de menor dimensión. O 3º socio é a Sociedade Española de Ornitoloxía, SEO/BirdLife, e a súa función fundamental é a conservación da biodiversidade, en concreto a conservación das aves silvestres e os seus hábitats.

O proxecto ten unha duración de 35 meses e, ademais das actividades transversais de xestión e coordinación e visibilidade, transparencia e comunicación, incorpora 3 actividades específicas:

- 1.- Diagnóstico e elaboración de metodoloxías para a conservación sobre as especies e as súas ameazas e deseño dunha estratexia de turismo sostible.



2.- Accións para mellorar a conservación de especies e hábitats e aplicar a estratexia de "Xestión Responsable e Sostible do Turismo".

3.- Seguimento e avaliación das accións implementadas de conservación e da estratexia de "Xestión Responsable e Sostible do Turismo".

- Co obxecto de levar a cabo actuacións que permitan a conservación da biodiversidade en hábitats costeiros galaicoportugueses para promover e lograr un desenvolvemento equilibrado das economías locais, desde a Deputación elaborouse o “Formulario de candidatura” e o “Formulario financeiro” na aplicación CoFFEE Interreg segundo determínase na terceira convocatoria, Prioridade 4, para a presentación de proxectos do PROGRAMA de COOPERACIÓN Interreg VI A ESPAÑA-PORTUGAL (POCTEP) 2021 – 2027 que recibe apoio do Fondo Europeo de Desenvolvemento rexional (FEDER), na que a Deputación actúa como Beneficiario Principal e asina a Declaración de Beneficiario Principal xunto coa Carta de Compromiso de beneficiario con financiación, e cuxa presentación se levou a cabo o 15.02.2023

- Recibida a solicitude de reformulación da candidatura do proxecto o 03.08.2023, e presentada a mesma no prazo establecido, 09.10.2023 comunícase a decisión do Comité de Xestión do Programa de Cooperación Interreg VI a España – Portugal (POCTEP) 2021-2027 de conceder unha axuda FEDER de 563.012,04 € ao proxecto 0141_BIOCOSTEIRO_1_E.

- Polo que respecta ás condicións económicas do proxecto denominado “BIOCOSTEIRO” o custo total subvencionable da Deputación de Pontevedra cuantifícase en 363.700,88 €, desagregados da seguinte maneira:

| <i>SOCIO</i> | APORTACIÓN FEDER | APORTACIÓN DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA |
|-------------------------------|-----------------------------|--|
| BP – Deputación de Pontevedra | 272.775,66€ | 90.925,22 € |
| | TOTAL | 363.700,88 € |



| Deputación de Pontevedra | | | | | |
|-------------------------------|--|-------------|-------------------------|-----------|-----------|
| Categoría | Concepto | Importe (€) | Importe anualidades (€) | | |
| | | | 2024 | 2025 | 2026 |
| 1 | Costes de persoal | 143.252,75 | 59.632,75 | 39.240,00 | 44.380,00 |
| 2 | Gastos de oficina e administrativos | 21.487,91 | 8.944,91 | 5.886,00 | 6.657,00 |
| 3 | Gastos de viaxe e aloxamento | 11.460,22 | 4.770,62 | 3.139,20 | 3.550,40 |
| 4 | Gastos de servizos e asesoramento externos | 187.500,00 | 115.500,00 | 29.000,00 | 43.000,00 |
| 5 | Gastos de equipos | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| 6 | Gastos en infraestruturas e obras | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| Total Depo | | 363.700,88 | 188.848,28 | 77.265,20 | 97.587,40 |
| Aportación FEDER (75%) | | 272.775,66 | 141.636,21 | 57.948,90 | 73.190,55 |

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico

- Bases da terceira convocatoria, Prioridade 4, para a presentación de proxectos do PROGRAMA DE COOPERACIÓN Interreg VI A ESPAÑA-PORTUGAL (POCTEP) 2021 - 2027.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (LGS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLGS).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.

Así mesmo, tratándose dun proxecto que recibe apoio do Fondo Europeo de Desenvolvemento rexional (FEDER) atenderase á seguinte normativa:

- Regulamento (UE) N° 2021/1059 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, sobre disposicións específicas para o obxectivo de Cooperación Territorial Europea (Interreg).



- Regulamento (UE) N° 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen disposicións comúns relativas aos Fondos Estruturais e de Investimento Europeos.
- Regulamento (UE) N° 2021/1058 do 24 de xuño de 2021 relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e ao Fondo de Cohesión, establece os obxectivos específicos que apoiará o FEDER.
- DECISIÓN DE EXECUCIÓN DA COMISIÓN de 22.8.2022 pola que se aproba o programa de cooperación «Interreg VI -A España-Portugal (POCTEP)» para optar á axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional conforme ao obxectivo de cooperación territorial europea (Interreg) en España e Portugal.
- Regulamento (UE) 2021/1237 da Comisión do 23 de xullo de 2021 polo que se modifica o Regulamento (UE) n° 651/2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado.
- Regulamento (UE) n° 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis.
- Regulamento (UE) n° 360/2012 do 25 de abril de 2012 relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis concedidas a empresas que prestan servizos de interese económico xeneral

Para o inicio do proxecto é necesario realizar a aprobación do mesmo, realizando as operacións de xeración de crédito polo importe da subvención concedida polo Comité de Xestión do Programa de Cooperación Interreg VI a España – Portugal (POCTEP) 2021-2027, financiado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

Con data 10 de outubro de 2023, o Servizo de Intervención da Deputación de Pontevedra emitiu informe favorable a esta aprobación.

Por todo o exposto anteriormente, en base aos antecedentes e normativa aplicable, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto denominado BIOCOSTEIRO.-CONSERVACIÓN DA BIODIVERSIDADE EN HÁBITATS COSTEIROS GALAICOPORTUGUESES PARA PROMOVER E LOGRAR UN DESENVOLVEMENTO EQUILIBRADO DAS ECONOMÍAS LOCAIS presentado á terceira convocatoria, prioridade 4, do PROGRAMA de COOPERACIÓN Interreg VI A ESPAÑA-PORTUGAL (POCTEP) 2021 – 2027 que recibe apoio do Fondo Europeo de Desenvolvemento rexional (FEDER).
- Aprobar a distribución de gasto cos importes que correspondan a esta Deputación provincial dentro do total do proxecto.
- Aprobar que a súa xestión se realice a través do módulo “proxecto de gastos” tal e como establece a base 27 de execución do orzamento provincial.



32.33067.- APROBACIÓN DE DIVERSAS CERTIFICACIONES DA OBRA DE RENOVACIÓN DAS INSTALACIONES DE ILUMINACIÓN EXTERIOR CORRESPONDENTE COS EXPEDIENTES FEDER-EELL-2020-005815 E FEDER-EELL-2020-005816 DO IDAE FINANCIADOS NUN 80 % POLO FEDER A TRAVÉS DO POCS 2014-2020, POLO PROCEDIMENTO DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE OBRIGAS. (Expte. 2023008926)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

Por acordo da Xunta de Goberno nº 17.32601 de data 28 de abril de 2023, adjudícase a empresa ELECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO, S.L. (B-36.380.384) os lotes número 1 e 2 do contrato para a “Subministración e execución das obras de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondentes cos expedientes FEDER-EELL-2020-005815 e FEDER-EELL-005816 financiados nun 80 % polo FEDER a través do P.O.C.S. 2014-2020 (Expte. 2023008926)”, por 796.497,93 €.

Unha vez realizadas as obras, a empresa ELECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO, S.L. (B-36.380.384) presentou, para a súa tramitación e pago, as seguintes certificacións de obra:

En relación á CERTIFICACIÓN FINAL DA OBRA: “PROXECTO 1.1 RENOVACIÓN DAS INSTALACIONES DE ILUMINACIÓN EXTERIOR NO CONCELLO DE ARBO”

O lote nº 1.1, “*Renovación das instalacións de iluminación exterior no concello de Arbo*”, adjudicouse á empresa ELECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO, S.L. (B-36.380.384), por importe total con IVE de 61.538,46 €.

Visto o informe de Intervención, relativo á certificación final da obra: “*Proxecto 1.1.- Renovación das instalacións de iluminación exterior no concello de Arbo*” por importe de 3.540,64 €”, no que recolle a seguinte observación:

“Consta informe do enxeñeiro representante da Intervención de data 06/10/2023 (CSV: 54TI5YNBMB8KXKE3) no que indica a súa desconformidade coa dirección facultativa xa que o material dos cadros eléctricos foi considerado condición esencial e motivo de exclusión de determinados licitadores, polo que o seu cambio debería seguir o correspondente procedemento administrativo de modificación contido na Lei 9/2017 de 08 de novembro, de Contratos do Sector Público.”

A obra recepcionouse o 02/10/2023 e as obras finalizaron o 08/08/2023, incumprindo por tanto o prazo dun mes establecido no art. 210.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público sobre o cumprimento dos contratos e recepción da prestación.”.



Á vista do que antecede e considerando que os informes dos técnicos provinciais e a dirección facultativa da obra avalan a correcta execución dos traballos e o seu bo estado e funcionamento, procede tramitar, polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito, o pagamento da certificación subliñada co seguinte detalle:

| ELECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO, S.L.. | Aplicación orzamentaria | Importe |
|--|-------------------------|------------|
| (B36380384) | 23/942-1650-652.15.2021 | 3.540,64 € |
| SUBTOTAL | | 3.540,64 € |
| Taxa dirección de obra (4% PEM Adx) | Id. | 98,36 € |
| Total descontos | Id. | 98,36 € |
| TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR | | 3.442,28 € |

En relación á CERTIFICACIÓN FINAL DA OBRA: “PROXECTO 1.2 RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN EXTERIOR NO CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN”

O lote nº 1.2, “Renovación das instalacións de iluminación exterior no Concello de Pazos de Borbén”, adxudicouse á empresa ELECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO, S.L. (B-36.380.384), por importe total con IVE de 174.371,38 €.

Visto o informe de Intervención, relativo á certificación final da obra: “Proxecto 1.2.- Renovación das instalacións de iluminación exterior no concello de Pazos de Borbén” por importe de 24.480,01 €”, no que recolle a seguinte observación:

“Consta informe do enxeñeiro representante da Intervención de data 06/10/2023 (CSV: 54TI5YNBMB8KXKE3) no que indica a súa desconformidade coa dirección facultativa xa que o material dos cadros eléctricos foi considerado condición esencial e motivo de exclusión de determinados licitadores, polo que o seu cambio debería seguir o correspondente procedemento administrativo de modificación contido na Lei 9/2017 de 08 de novembro, de Contratos do Sector Público.

A obra recepcionouse o 02/10/2023 e as obras finalizaron o 31/07/2023, incumprindo por tanto o prazo dun mes establecido no art. 210.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público sobre o cumprimento dos contratos e recepción da prestación.”.

Á vista do que antecede e considerando que os informes dos técnicos provinciais e a dirección facultativa da obra avalan a correcta execución dos traballos e o seu bo estado e funcionamento, procede tramitar, polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito, o pagamento da certificación subliñada co seguinte detalle:

| ELECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO, S.L.. | Aplicación orzamentaria | Importe |
|--|-------------------------|-------------|
| (B36380384) | 23/942-1650-652.15.2021 | 24.480,01 € |
| SUBTOTAL | | 24.480,01 € |
| Taxa dirección de obra (4% PEM Adx) | Id. | 680,05 € |
| Total descontos | Id. | 680,05 € |
| TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR | | 23.799,96 € |



En relación á CERTIFICACIÓN FINAL DA OBRA: “PROXECTO 1.3 RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR NO CONCELLO DE O PORRIÑO”

O lote nº 1.3, “Renovación das instalacións de iluminación exterior no Concello de O Porriño”, adjudicouse á empresa ELECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO, S.L. (B-36.380.384), por importe total con IVE de 172.939,76€.

Visto o informe de Intervención, relativo á certificación final da obra: “Proxecto 1.3.- Renovación das instalacións de iluminación exterior no concello de O Porriño” por importe de 11.487,90 €”, no que recolle a seguinte observación: “Consta informe do enxeñeiro representante da Intervención de data 06/10/2023 (CSV: 54TI5YNBMB8KXKE3) no que indica a súa desconformidade coa dirección facultativa xa que o material dos cadros eléctricos foi considerado condición esencial e motivo de exclusión de determinados licitadores, polo que o seu cambio debería seguir o correspondente procedemento administrativo de modificación contido na Lei 9/2017 de 08 de novembro, de Contratos do Sector Público.

A obra recepcionouse o 02/10/2023 e as obras finalizaron o 30/06/2023, incumprindo por tanto o prazo dun mes establecido no art. 210.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público sobre o cumprimento dos contratos e recepción da prestación.”.

Á vista do que antecede e considerando que os informes dos técnicos provinciais e a dirección facultativa da obra avalan a correcta execución dos traballos e o seu bo estado e funcionamento, procede tramitar, polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito, o pagamento da certificación subliñada co seguinte detalle:

| ELECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO, S.L.. | Aplicación orzamentaria | Importe |
|--|-------------------------|-------------|
| (B36380384) | 23/942-1650-652.15.2021 | 11.487,90 € |
| SUBTOTAL | | 11.487,90 € |
| Taxa dirección de obra (4% PEM Adx) | Id. | 319,13 € |
| Total descontos | Id. | 319,13 € |
| TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR | | 11.168,77 € |

En relación á CERTIFICACIÓN FINAL DA OBRA: “PROXECTO 1.4 RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR NO CONCELLO DE TOMIÑO”

O lote nº 1.4, “Renovación das instalacións de iluminación exterior no Concello de Tomiño”, adjudicouse á empresa ELECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO, S.L. (B-36.380.384), por importe total con IVE de 146.786,50€.

Visto o informe de Intervención, relativo á certificación final da obra: “Proxecto 1.4.- Renovación das instalacións de iluminación exterior no concello de Tomiño” por importe de 6.634,35 €”, no que recolle a seguinte observación:

“Consta informe do enxeñeiro representante da Intervención de data 06/10/2023 (CSV: 54TI5YNBMB8KXKE3) no que indica a súa desconformidade coa dirección facultativa xa que o material dos cadros eléctricos foi considerado condición esencial e motivo de exclusión de determinados licitadores, polo que o seu cambio debería seguir o correspondente procedemento administrativo de modificación contido na Lei 9/2017 de 08 de novembro, de Contratos do Sector Público.

A obra recepcionouse o 02/10/2023 e as obras finalizaron o 31/07/2023, incumprindo por tanto o prazo dun mes establecido no art. 210.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público sobre o cumprimento dos contratos e recepción da prestación.”.



Á vista do que antecede e considerando que os informes dos técnicos provinciais e a dirección facultativa da obra avalan a correcta execución dos traballos e o seu bo estado e funcionamento, procede tramitar, polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito, o pagamento da certificación subliñada co seguinte detalle:

| ELECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO, S.L.. | Aplicación orzamentaria | Importe |
|--|-------------------------|------------|
| (B36380384) | 23/942-1650-652.15.2021 | 6.634,35 € |
| SUBTOTAL | | 6.634,35 € |
| Taxa dirección de obra (4% PEM Adx) | Id. | 184,30 € |
| Total descontos | Id. | 184,30 € |
| TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR | | 6.450,05 € |

En relación á CERTIFICACIÓN FINAL DA OBRA: “PROXECTO 2.1 RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN EXTERIOR NO CONCELLO DE MEAÑO”

O lote nº 2.1 , “Renovación das instalacións de iluminación exterior no Concello de Meaño”, adxudicouse á empresa ELECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO, S.L. (B-36.380.384), por importe total con IVE de 90.115,28 €.

Visto o informe de Intervención, relativo á certificación final da obra: “Proxecto 2.1.- Renovación das instalacións de iluminación exterior no concello de Meaño” por importe de 2.687,26 €”, no que recolle a seguinte observación:

“Consta informe do enxeñeiro representante da Intervención de data 06/10/2023 (CSV: 4GUPDOL7DU5IQNAZ) no que indica a súa desconformidade coa dirección facultativa xa que o material dos cadros eléctricos foi considerado condición esencial e motivo de exclusión de determinados licitadores, polo que o seu cambio debería seguir o correspondente procedemento administrativo de modificación contido na Lei 9/2017 de 08 de novembro, de Contratos do Sector Público.

A obra recepcionouse o 02/10/2023 e as obras finalizaron o 31/07/2023, incumprindo por tanto o prazo dun mes establecido no art. 210.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público sobre o cumprimento dos contratos e recepción da prestación.”

Á vista do que antecede e considerando que os informes dos técnicos provinciais e a dirección facultativa da obra avalan a correcta execución dos traballos e o seu bo estado e funcionamento, procede tramitar, polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito, o pagamento da certificación subliñada co seguinte detalle:

| ELECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO, S.L.. | Aplicación orzamentaria | Importe |
|--|-------------------------|------------|
| (B36380384) | 23/942-1650-652.15.2021 | 2.687,26 € |
| SUBTOTAL | | 2.687,26 € |
| Taxa dirección de obra (4% PEM Adx) | Id. | 74,65 € |
| Total descontos | Id. | 74,65 € |
| TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR | | 2.612,61 € |



En relación á CERTIFICACIÓN FINAL DA OBRA: “PROXECTO 2.2 RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN EXTERIOR NO CONCELLO DE MEIS”

O lote nº 2.2, “*Renovación das instalacións de iluminación exterior no concello de Meis*”, adxudicouse á empresa ELECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO, S.L. (B-36.380.384), por importe total con IVE de 79.600,89 €

Visto o informe de Intervención, relativo á certificación final da obra: “*Proxecto 2.2.- Renovación das instalacións de iluminación exterior no concello de Meis*” por importe de 2.368,82 €”, no que recolle a seguinte observación:

“*Consta informe do enxeñeiro representante da Intervención de data 06/10/2023 (CSV: 4GUPDOL7DU5IQNAZ) no que indica a súa desconformidade coa dirección facultativa xa que o material dos cadros eléctricos foi considerado condición esencial e motivo de exclusión de determinados licitadores, polo que o seu cambio debería seguir o correspondente procedemento administrativo de modificación contido na Lei 9/2017 de 08 de novembro, de Contratos do Sector Público.*

“*A obra recepcionouse o 02/10/2023 e as obras finalizaron o 22/08/2023, incumprindo por tanto o prazo dun mes establecido no art. 210.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público sobre o cumprimento dos contratos e recepción da prestación.*”.

Á vista do que antecede e considerando que os informes dos técnicos provinciais e a dirección facultativa da obra avalan a correcta execución dos traballos e o seu bo estado e funcionamento, procede tramitar, polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito, o pagamento da certificación subliñada co seguinte detalle:

| ELECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO, S.L.. | Aplicación orzamentaria | Importe |
|--|-------------------------|------------|
| (B36380384) | 23/942-1650-652.15.2021 | 2.368,82 € |
| SUBTOTAL | | 2.368,82 € |
| Taxa dirección de obra (4% PEM Adx) | Id. | 65,80 € |
| Total descontos | Id. | 65,80 € |
| TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR | | 2.303,02 € |

En relación á CERTIFICACIÓN FINAL DA OBRA: “ PROXECTO 2.3 RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN EXTERIOR NO VILANOVA DE AROUSA”

O lote nº 2.3, “*Renovación das instalacións de iluminación exterior no concello de Vilanova de Arousa*”, adxudicouse á empresa ELECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO, S.L. (B-36.380.384), por importe total con IVE de 135.365,67€.

Visto o informe de Intervención, relativo á certificación final da obra: “*Proxecto 2.3.- Renovación das instalacións de iluminación exterior no concello de Vilanova de Arousa*” por importe de 5.343,78 €”, no que recolle a seguinte observación:

“*Consta informe do enxeñeiro representante da Intervención de data 06/10/2023 (CSV: 4GUPDOL7DU5IQNAZ) no que indica a súa desconformidade coa dirección facultativa xa que o material dos cadros eléctricos foi considerado condición esencial e motivo de exclusión de determinados licitadores, polo que o seu cambio debería seguir o correspondente procedemento administrativo de modificación contido na Lei 9/2017 de 08 de novembro, de Contratos do Sector Público.*



A obra recepciónouse o 02/10/2023 e as obras finalizaron o 31/08/2023, incumprindo por tanto o prazo dun mes establecido no art. 210.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público sobre o cumprimento dos contratos e recepción da prestación.”.

Á vista do que antecede e considerando que os informes dos técnicos provinciais e a dirección facultativa da obra avalan a correcta execución dos traballos e o seu bo estado e funcionamento, procede tramitar, polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito, o pagamento da certificación subliñada co seguinte detalle:

| ELECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO, S.L.. | Aplicación orzamentaria | Importe |
|--|-------------------------|------------|
| (B36380384) | 23/942-1650-652.15.2021 | 5.343,78 € |
| SUBTOTAL | | 5.343,78 € |
| Taxa dirección de obra (4% PEM Adx) | Id. | 148,45 € |
| Total descontos | Id. | 148,45 € |
| TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR | | 5.195,33 € |

Tendo en conta todo o que antecede, considerando o disposto no artigo 52 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administración Públicas, relativo a validación dos actos anulables.

Considerando que por Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta ao Presidente para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do presuposto do exercicio 2023, concretamente na base 17, a Xunta de Goberno, acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a certificación final, autorizar o compromiso de gasto e o recoñecemento extraxudicial da seguinte obriga, debendo librarse o seu importe con cargo á aplicación que se cita e co seguinte detalle:

| ELECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO, S.L.. | Aplicación orzamentaria | Importe |
|--|-------------------------|------------|
| (B36380384) | 23/942-1650-652.15.2021 | 3.540,64 € |
| SUBTOTAL | | 3.540,64 € |
| Taxa dirección de obra (4% PEM Adx) | Id. | 98,36 € |
| Total descontos | Id. | 98,36 € |
| TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR | | 3.442,28 € |



2.- Aprobar a certificación final, autorizar o compromiso de gasto e o recoñecemento extraxudicial da seguinte obriga, debendo librarse o seu importe con cargo á aplicación que se cita e co seguinte detalle:

| ELECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO, S.L.. | Aplicación orzamentaria | Importe |
|--|-------------------------|-------------|
| (B36380384) | 23/942-1650-652.15.2021 | 24.480,01 € |
| SUBTOTAL | | 24.480,01 € |
| Taxa dirección de obra (4% PEM Adx) | Id. | 680,05 € |
| Total descontos | Id. | 680,05 € |
| TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR | | 23.799,96 € |

3.- Aprobar a certificación final, autorizar o compromiso de gasto e o recoñecemento extraxudicial da seguinte obriga, debendo librarse o seu importe con cargo á aplicación que se cita e co seguinte detalle:

| ELECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO, S.L.. | Aplicación orzamentaria | Importe |
|--|-------------------------|-------------|
| (B36380384) | 23/942-1650-652.15.2021 | 11.487,90 € |
| SUBTOTAL | | 11.487,90 € |
| Taxa dirección de obra (4% PEM Adx) | Id. | 319,13 € |
| Total descontos | Id. | 319,13 € |
| TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR | | 11.168,77 € |

4.- Aprobar a certificación final, autorizar o compromiso de gasto e o recoñecemento extraxudicial da seguinte obriga, debendo librarse o seu importe con cargo á aplicación que se cita e co seguinte detalle:

| ELECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO, S.L.. | Aplicación orzamentaria | Importe |
|--|-------------------------|------------|
| (B36380384) | 23/942-1650-652.15.2021 | 6.634,35 € |
| SUBTOTAL | | 6.634,35 € |
| Taxa dirección de obra (4% PEM Adx) | Id. | 184,30 € |
| Total descontos | Id. | 184,30 € |
| TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR | | 6.450,05 € |



5.- Aprobar a certificación final, autorizar o compromiso de gasto e o recoñecemento extraxudicial da seguinte obriga, debendo librarse o seu importe con cargo á aplicación que se cita e co seguinte detalle:

| ELECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO, S.L.. | Aplicación orzamentaria | Importe |
|--|-------------------------|------------|
| (B36380384) | 23/942-1650-652.15.2021 | 2.687,26 € |
| SUBTOTAL | | 2.687,26 € |
| Taxa dirección de obra (4% PEM Adx) | Id. | 74,65 € |
| Total descontos | Id. | 74,65 € |
| TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR | | 2.612,61 € |

6.- Aprobar a certificación final, autorizar o compromiso de gasto e o recoñecemento extraxudicial da seguinte obriga, debendo librarse o seu importe con cargo á aplicación que se cita e co seguinte detalle:

| ELECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO, S.L.. | Aplicación orzamentaria | Importe |
|--|-------------------------|------------|
| (B36380384) | 23/942-1650-652.15.2021 | 2.368,82 € |
| SUBTOTAL | | 2.368,82 € |
| Taxa dirección de obra (4% PEM Adx) | Id. | 65,80 € |
| Total descontos | Id. | 65,80 € |
| TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR | | 2.303,02 € |

7.- Aprobar a certificación final, autorizar o compromiso de gasto e o recoñecemento extraxudicial da seguinte obriga, debendo librarse o seu importe con cargo á aplicación que se cita e co seguinte detalle:

| ELECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO, S.L.. | Aplicación orzamentaria | Importe |
|--|-------------------------|------------|
| (B36380384) | 23/942-1650-652.15.2021 | 5.343,78 € |
| SUBTOTAL | | 5.343,78 € |
| Taxa dirección de obra (4% PEM Adx) | Id. | 148,45 € |
| Total descontos | Id. | 148,45 € |
| TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR | | 5.195,33 € |

8.- Dar traslado do presente acordo á Intervención Provincial, ao servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e a empresa adxudicatária



33.33068.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

34.33069.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

35.33070.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as doce horas do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

